



RESUMO E CONSIDERACIÓN

1.

PANORAMA ECONÓMICO

● Contexto económico xeral

O ano 2015 presenta entre as súas características unha desaceleración no crecemento do Produto Interior Bruto (PIB) real da economía mundial segundo os datos proporcionados polo FMI, ao experimentar unha taxa de variación interanual do 3,1%, tres décimas menos que no ano anterior. Nembargante, este crecemento foi moi desigual entre os distintos países ou áreas xeográficas.

As economías avanzadas no seu conxunto medran un 1,9%, unha décima máis que en 2014, impulsadas polo dinamismo da actividade produtiva dos EE.UU., a mellora das taxas positivas de crecemento do PIB na zona euro e pola recuperación da economía xaponesa. A economía dos EE.UU. mantén o seu ritmo de crecemento no 2,4% impulsada pola demanda interna, xa que a debilidade da demanda externa tradúcese en que o sector exterior detrae seis décimas ao crecemento agregado do PIB.

As economías de mercados emerxentes e en

desenvolvemento no seu conxunto continúan coa desaceleración do dinamismo da súa actividade produtiva, acadando no ano 2015 unha medra do 4,0%, seis décimas menos que no ano anterior. Os países emerxentes de Asia e Pacífico seguen a ser os de maior crecemento a nivel mundial, cun 6,6%, aínda que ralentizan levemente o seu crecemento, incidindo neste comportamento a economía chinesa que continúa coa súa forte desaceleración iniciada en 2010 que fai que o seu PIB medre por baixo do 7% (en 2010 a taxa de crecemento era do 10,9%). Por contra, India consolida o seu dinamismo e en 2015 presenta unha taxa de crecemento superior á de China. Entre os países emerxentes europeos cómpre salientar a recesión da economía rusa, que presenta unha contracción do 3,5% influenciada en grande medida pola caída dos prezos de petróleo.

Nos países de América Latina e Caribe, a desaceleración dos últimos catro anos deu paso a unha contracción económica do -0,1%, arrastrada en gran medida pola

forte caída do PIB da economía de Brasil (-3,8%) en relación ao ano anterior. Esta evolución explícase pola evolución dos mercados internacionais de materias primas e os efectos da caída dos prezos do petróleo nos países exportadores.

● Zona euro

Os países da zona euro presentan no último ano un crecemento medio de 1,6%, sete décimas máis que en 2014, impulsados pola achega da demanda interna ao crecemento agregado do PIB (1,8 puntos porcentuais) xa que o sector exterior detrae dúas décimas. Entre os factores que explican o devandito dinamismo atópanse as condicións de apoio financeiro, unha modesta expansión fiscal ou o efecto favorable dos reducidos prezos enerxéticos.

Tal como acontece co desigual crecemento nas economías avanzadas, dentro da zona euro salienta o crecemento da economía española, cun 3,2% respecto ao ano anterior, superando a Alemaña, que presenta unha lixeira desaceleración no seu PIB real (1,5% en 2015), Francia, cunha medra do 1,1% (0,2% no ano anterior), ou Italia, que retoma as taxas de crecemento positivas, cun 0,8% (-0,3% en 2014). Entre os países europeos que non forma parte do euro cómpre mencionar, pola súa importancia, o crecemento do 2,2% do PIB do Reino Unido ou o 4,1% rexistrado en Suecia.

Con todo, estas taxas positivas de crecemento dos países da zona euro vense ameazadas polos riscos derivados da persistencia de niveis de inflación reducidos, a elevada débeda pública e privada, factores demográficos ou a moderada redución das taxas de desemprego, nomeadamente de longa duración, que no conxunto da eurozona se sitúa no 10,9%, máis de catro puntos por riba da media do conxunto das economías avanzadas. Dentro da eurozona salientan as taxas de paro de Grecia (25,1%) e España (22,3%).

● A economía española

A evolución das principais variables macroeconómicas confirman a recuperación da actividade produtiva, se ben, aínda non está totalmente consolidada. O PIB xerado pola economía española medrou un 3,2%, sendo do 1,4% no ano anterior. Con todo, a pesar deste importante incremento as taxas de variación intertrimestrais amosan unha certa ralentización no segundo semestre do ano, con incrementos do 0,8% tanto no terceiro como no cuarto trimestre. O devandito crecemento da actividade tradúcese nunha mellora en termos cuantitativos do mercado laboral, aumentando o nivel de ocupación en torno ao 3%, reducíndose tanto o paro estimado como rexistrado (9,9% e 8%, respectivamente) e incrementándose o número de empresas inscritas no réxime xeral da Seguridade Social un 2,5% respecto ás inscritas no ano anterior.

A recuperación do PIB real ven explicada novamente polo comportamento da demanda interna, cunha achega ao crecemento agregado do PIB de 3,7 puntos (1,6 puntos no ano anterior), mentres que o saldo exterior neto contribúe negativamente en 2015, ao detraer cinco décimas ao crecemento do PIB.

O devandito impulso da demanda interna é consecuencia tanto do forte crecemento do investimento, medido pola formación bruta de capital fixo (FBCF), como do gasto en consumo final. Dunha banda, o investimento aumenta un 6,4%, case tres puntos máis que no ano anterior, sendo o compoñente máis dinámico o sector de bens de equipamento, cunha medra superior ao 10%, seguido da construción que crece un 5,3%. Doutra banda, o gasto en consumo final mantén a súa paulatina medra a medida que avanza o ano, salientando un maior impulso do gasto en consumo final dos fogares que do consumo das Administracións Públicas, con taxas medias anuais do 3,1% e do 2,7%, respectivamente.



Dende o punto de vista da oferta, no último ano todos os sectores produtivos presentan un incremento na xeración do valor engadido, salientando a construción que retoma as taxas positivas de crecemento e se sitúa novamente como o sector de maior dinamismo, cunha medra de 5,2% respecto ao ano anterior (-2% en 2014). Séguenlle en importancia a industria e os servizos, con incrementos significativamente máis elevados que no ano anterior (3,4% e 3,1%, respectivamente) en tanto que as ramas primarias, tras a contracción de 2014, presentan unha taxa de variación positiva do 2%.

En conclusión, a aceleración do ritmo de crecemento do PIB e a mellora do mercado laboral en termos globais reduce, pero non elimina, os riscos derivados dos desequilibrios que persisten na economía. Entre outros, cómpre destacar os elevados niveis de débeda interna e externa, que significan un risco real para o crecemento e a estabilidade financeira, xunto aos aínda elevados niveis de desemprego que persisten a pesar da redución do último ano.

● A economía galega

A economía galega continúa en 2015 coa súa tendencia positiva ao presentar un crecemento interanual acumulado do seu Produto Interior Bruto (PIB) real a prezos de mercado do 2,1% fronte ao 0,4% do ano anterior. O cadro macroeconómico reflicte que Galicia presenta taxas de variación interanuais cada vez máis positivas a medida que avanza o ano, acadando no cuarto trimestre un incremento do 2,6%, nove décimas menos que a media estatal. A diferenza do que acontecía na economía española, os datos intertrimestrais indican a tendencia positiva da economía galega e unha mellora do seu dinamismo económico.

A devandita recuperación ten o seu reflexo no mercado de traballo atendendo tanto ao

incremento do volume total da ocupación, xa se mida en termos de poboación ocupada, afiliacións ou postos de traballo equivalentes a tempo completo, como se se considera o descenso do desemprego estimado pola EPA ou do rexistrado no Servizo Público de Emprego.

Con todo, fronte a estes datos positivos cómpre mencionar que este dinamismo non foi quen de frear a forte caída poboacional e principalmente, a acusada redución da poboación potencialmente activa. Asemade, segundo os datos das contas trimestrais do IGE, Galicia segue a presentar un comportamento máis feble que o conxunto do Estado, aínda que lixeiramente superior ao dos países da zona euro.

A evolución das principais variables macroeconómicas confirma un maior dinamismo na actividade económica, pero o CES insiste na necesidade de impulsar a consolidación do crecemento e de corrixir os desequilibrios da economía, entre eles, reducir a taxa de paro e incrementar a taxa de actividade.

Antes da análise dos principais compoñentes do PIB, cómpre facer referencia ás distintas estimacións do crecemento da economía galega realizadas polo Instituto Galego de Estatística (IGE) e o Instituto Nacional de Estadística (INE). Fronte á taxa de variación interanual do 2,1% estimado polo IGE, a Contabilidade Rexional de España publicada polo INE reflicte que a economía galega medrou en 2015 un 3,2%, o que representa o diferencial máis elevado dos últimos anos.

● Agregados de demanda

No ano 2015 a demanda interna mantense como o principal motor de crecemento da economía galega dende o punto de vista da demanda, cunha achega de 2,8 puntos ao crecemento agregado do PIB, en tanto que o

sector exterior detrae sete décimas. A devandita debilidade en relación ao crecemento no conxunto do Estado ven explicado tanto pola menor achega da demanda interna (3,7 puntos en España) como por detraer a externa dúas décimas menos (0,5 puntos).

O gasto final en consumo, tanto privado como público, e o investimento presentan novamente taxas de variación positivas, situándose nos tres casos por baixo da media española. O investimento, medido pola formación bruta de capital (FBCF), compórtase como o compoñente máis dinámico cun incremento interanual do 5,8%. O gasto en consumo final en Galicia presenta unha medra do 2,2% en relación ao ano anterior, como consecuencia tanto da evolución do consumo final dos fogares (2,3%) como polo crecemento do 1,9% do gasto en consumo das Administracións Públicas.

A licitación oficial pública segundo data de anuncio rexistrou en Galicia un novo repunte, cun crecemento próximo ao 24%, por mor do incremento da licitación da Administración Xeral do Estado (43,3%) e da Administración Autonómica (28,9%). Por contra, o importe da licitación pública da Administración Local redúcese un 25,5%.

Finalmente, o sector exterior contribúe negativamente ao crecemento agregado do PIB (sete décimas en 2015). Mentres que as importacións galegas de bens e servizos medran no ano 2015 a unha taxa interanual do 5,5% en relación ao ano anterior, as exportacións o fixeron un 4,2%. No conxunto do Estado as importacións aumentan un 7,5% e as exportacións un 5,4%.

• *Agregados de oferta*

A nivel agregado todos os grandes sectores produtivos presentan taxas de crecemento positivas no ano 2015, salientando o comportamento da industria manufacturera, que se sitúa como o sector máis dinámico,

cunha medra interanual do 4,6% respecto ao ano anterior. Esta rama de actividade presenta un crecemento continuado a medida que avanza o ano, acadando no cuarto trimestre unha taxa de variación interanual do 7,5% respecto ao mesmo trimestre do ano anterior.

Séguelle en importancia o sector da construción que, ao igual que no conxunto do Estado, retoma as taxas positivas anteriores á crise económica. En 2015, o incremento do valor engadido bruto xerado polo sector foi do 3,7%.

Tanto o sector servizos como o sector primario manteñen as taxas positivas de crecemento interanual rexistradas no exercicio anterior, acadando unha medra do 2,0% e 1,4%, respectivamente. Ao igual que acontecía coa industria manufacturera, o VEB xerado polo conxunto das ramas terciarias aumenta a medida que avanza o ano, rematando o cuarto trimestre de 2015 cunha medra interanual do 2,3%.

• *Distribución da renda*

No ano 2015 continúa o incremento da remuneración dos empregadores aos seus asalariados iniciado no ano anterior tras 5 anos de caídas (entre 2009 e 2013). A remuneración salarial experimenta no último ano unha medra do 1,9%, catro décimas inferior ao estimado no caso do crecemento do PIB nominal, sendo este incremento igual ao dos beneficios empresariais (en termos de excedente de explotación bruto/renda mixta bruta).

Tras esta evolución, a participación dos asalariados na renda sitúase no 44,5% (no ano 2014 era do 44,6%) en tanto que o peso relativo dos beneficios sitúase no 45,3% (45,5% no ano anterior). Se se toma como referencia o inicio da crise, no período 2008-15 a participación dos asalariados na renda diminúe en 2,4 puntos porcentuais, pasando



do 46,9% no ano 2008 ata os devanditos 44,5% do último ano, en tanto que o peso dos beneficios increméntase en 0,4 puntos porcentuais, pasando do 45% aos 45,3% en 2015. Asemade, cómpre resaltar que por terceiro ano consecutivo o peso relativo das remuneracións salariais sobre o PIB é inferior ao dos excedentes de explotación.

No período 2008-15 descende o peso da remuneración de asalariados no PIB, aumenta o peso dos impostos netos sobre produción e importación e se recuperan levemente os excedentes brutos de explotación/rendas mixtas. O CES considera necesaria a aplicación de medidas tendentes a reducir a devandita asimetría.

● Custos e salarios

O aumento salarial pactado en Galicia no conxunto dos sectores non primarios experimentou unha medra nominal do 0,76%, dúas décimas inferior ao incremento rexistrado en 2014.

A diferenza do acontecido no ano anterior, o custo laboral por traballador e mes en Galicia rexistrou en 2015 un descenso do 0,7% (medra un 0,6% de media no conxunto do Estado) para situarse nos 2.246,19 euros de media, un 12% menos que en España. Tras esta evolución, Galicia mantense como a cuarta Comunidade Autónoma cos custos laborais máis reducidos tan só por riba de Extremadura, Canarias e a C. Valenciana.

Galicia é a segunda Comunidade Autónoma cun menor custo salarial ordinario, con 1.447,89 euros/mes, o que supón unha redución do 0,9% respecto ao ano anterior, e 192 euros menos que o custo salarial medio estatal no ano 2015.

A pesar da redución do número de horas efectivamente traballadas, o custo total por hora increméntase un 0,4%, acadando un

valor monetario de 17,16 euros, fronte aos 19,78 euros de media en España. O custo salarial total por hora efectiva sitúase no último ano nos 12,60 euros (0,8% máis que no ano anterior) fronte aos 14,75 euros no conxunto do Estado.

A produtividade aparente do factor traballo representa en Galicia o 88,5% da media estatal, catro décimas por baixo da media do ano anterior.

O CES considera que a política económica debe apostar por factores como a innovación, a formación e o coñecemento, que permitan á economía galega mellorar a súa produtividade, competitividade e emprego. Así mesmo deben ser áreas prioritarias os investimentos que activen o crecemento económico e redunden nun maior benestar social.

● Inflación e prezos

O índice xeral de prezos ao consumo (IPC) mantivo as taxas de variación interanuais negativas rexistradas no segundo semestre do ano anterior, rematando o ano cun descenso dos prezos do 0,2% en relación ao mes de decembro do ano anterior. Se en 2014 as catro provincias galegas rexistraron descensos dos prezos nese mes de decembro, en 2015 esta caída tan só se produce en Ourense e Lugo (-0,4% e -0,3%, respectivamente). Nas outras dúas provincias, ao igual que no conxunto do Estado, a taxa de variación interanual en decembro foi igual a cero.

Os produtos que presentan un maior incremento dos prezos tanto en Galicia como en España, pertencen ao grupo de alimentos e bebidas non alcohólicas e no das bebidas alcohólicas e tabaco, seguidas polo da hostalaría. Pola contra, as taxas de variación media anual máis negativas corresponden á vivenda e ao transporte.

Cómpre destacar que a inflación subxacente (non considera os alimentos non elaborados nin os produtos enerxéticos) aumentou ao longo de todo o 2015 tanto en Galicia como no conxunto do Estado, rematando o ano cunha medra interanual do 1% e 0,9%, respectivamente.

O Índice de Prezos Industriais (IPRI) desce en Galicia un 2,5% (tres décimas máis que no conxunto do Estado) consecuencia, fundamentalmente, do impacto dos bens enerxéticos, cun descenso do 10,6% en taxa interanual, presentando os bens intermedios unha redución do 2,6%. Por contra, os bens de consumo non duradeiro presentan as taxas de variación positivas máis acusadas (0,8%), sendo este crecemento de catro décimas no caso dos bens de consumo duradeiro e dunha décima no dos bens de equipamento.

● **Marco orzamentario e recadación tributaria**

A elaboración dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2016 baséase na previsión dun escenario macroeconómico caracterizado por unha aceleración no ritmo de crecemento do PIB. Este susténtase tanto na achega da demanda interna, ao prever un aumento do gasto final dos fogares e o mantemento do incremento do gasto público, como na achega do sector exterior. Asemade, estima que a taxa de paro manterá a súa tendencia descendente en comparación con anos anteriores.

O devandito escenario, xunto cos novos mecanismos crediticios, nomeadamente as facilidades financeiras proporcionadas polo Estado, permitiron a aprobación por parte da Xunta de Galicia duns orzamentos consolidados expansivos para o ano 2016, ao rexistrar unha medra do 5,3% respecto ao ano anterior (516,2 millóns de euros). O presuposto ascende a 10.257,0 millóns de euros o que representa o 18,1% do PIB ga-

lego estimado para ese ano.

A conta financeira homoxeneizada para os anos 2015 e 2016 reflicte que os ingresos non financeiros aumentaron un 6,7% en relación ao exercicio precedente (540,8 millóns de euros), ascendendo en termos absolutos ata os 8.621,4 millóns de euros. O gasto non financeiro presenta unha evolución positiva do 5,3% (uns 438 millóns de euros máis que no ano 2015) acadando os 8.452,4 millóns de euros.

A necesidade de financiamento dos orzamentos no 2016 é de 183,1 millóns de euros, acadando o 0,3% do PIB. A débeda acumulada no ano 2015 ascendeu, segundo os datos de avance do Banco de España, a 10.375 millóns de euros, o 4% da débeda total española. Cun incremento do 4,2% en relación ao ano anterior, Galicia sitúase novamente como unha das CC.AA. que rexistra un menor incremento, tan só por detrás de Navarra (3,9%), sendo o incremento medio estatal do 10,3%. O endebedamento por habitante medrou en relación ao ano anterior, ata acadar os 3.797,1 euros, moi por debaixo da media estatal que é de 5.603,68 euros por habitante.

Dende un punto de vista funcional, o orzamento correspondente a Sanidade, Educación e Acción Social e Promoción Social aumenta un 4,5% en relación ao ano anterior, situándose nos 6.302,3 millóns de euros, o que supón máis do 61% do orzamento de gastos. En relación ao exercicio anterior, os gastos en educación e sanidade aumenta en case 100 millóns de euros, salientando en termos relativos o incremento do 12,5% en Acción e Promoción Social. Cómpre destacar o incremento do 5,5% (83,1 millóns) da dotación na función "Débeda Pública", que mantén o seu peso relativo nos orzamentos da Xunta no 15,5%.

Comparado coa evolución seguida no resto das CC.AA., os datos do Ministerio de Ha-



cienda y Administraciones Públicas reflicten que Galicia é a terceira comunidade autónoma onde máis se incrementan, en termos relativos, os créditos orzamentarios consignados para cubrir os servizos públicos de Seguridade, Protección e Promoción Social (14,7%). No caso da educación, o incremento é superior ao do conxunto do Estado (4,9% fronte ao 3,5%) a diferenza do acontecido no caso da sanidade (2,9% fronte ao 3,8% no Estado).

As modificacións no ámbito tributario que introduce a Lei de acompañamento do orzamento afectan, entre outros impostos, ao IRPF, coa introdución dunha nova escala no tramo autonómico do imposto; ao imposto de sucesións e doazóns, cun incremento da redución de parentesco; ou ao imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados. En relación aos tributos propios, cómpre salientar polo seu impacto económico a taxa por programas e centros de servizos sociais, así como a creación dunha nova taxa necesaria para a articulación da comprobación a efectuar dentro do procedemento de declaración responsable de inicio da actividade, servizo complementario e modificación substancial.

A recadación tributaria en Galicia aumentou no ano 2015 un 10,7% respecto á do ano anterior (2,3% no conxunto do Estado), acadando os 6.394,6 millóns de euros. O imposto máis importante en termos de recadación é o IRPF, con 2.524,1 millóns de euros (39,5% da recadación total), seguido polo IVE, con 2.075,3 millóns (32,5%), e o imposto de sociedades, con 1.469,7 millóns de euros (23%). En relación ao ano anterior, salienta o incremento rexistrado no caso do imposto de sociedades, cun 26,2%, e o do IVE, cun 15,6%, en tanto que a recadación por IRPF aumenta un 1,8%.

● **Proceso de converxencia**

O menor dinamismo en termos de PIB da

economía galega no último exercicio condición que o peso da mesma no PIB estatal baixe ata o 5,18%, fronte ao 5,26% do ano anterior, acadando o valor máis reducido dende que comezou a crise económica.

Tendo en conta o efecto da caída da poboación, o indicador PIB rexionalizable per cápita mantense constante no último ano en Galicia en 87,7 puntos (España=100), tres décimas inferior ao rexistrado no ano 2008. Galicia é a sexta Comunidade Autónoma co menor valor do PIB rexionalizable.

Galicia debe adoptar as medidas necesarias que permitan eliminar a distancia que existe cos indicadores de produtividade e emprego de España e o resto das economías máis avanzadas, xa que nos últimos anos, a perda de poboación está sendo o único instrumento corrector.

● **Evolución demográfica**

O dinamismo económico da economía galega nos dous últimos anos non foi quen de frear a tendencia descendente da poboación empadroada en Galicia, especialmente significativa no caso da poboación potencialmente activa. A poboación de dereito rexistrada en Galicia descende ata as 2.732.347 persoas, un 0,6% inferior á rexistrada o 1 de xaneiro de 2014, afectando esta caída de poboación, ao igual que no ano anterior, ás catro provincias galegas.

A perda de case 16.400 habitantes en Galicia afecta tanto a homes como a mulleres e tanto á poboación de nacionalidade española como estranxeira. Dende un punto de vista xeográfico cómpre salientar que esta redución é case xeneralizada xa que ademais das catro provincias, este descenso prodúcese tanto no conxunto das comarcas da denominada Galicia occidental-costa como da Galicia interior, nas sete grandes cidades galegas, e no 85% dos concellos

galegos. Tan só as comarcas de Santiago e Ortegal e 45 dos 314 concellos presentan unha medra da súa poboación residente. A cidade de Ferrol é a que presenta no período 2008-2015 a maior perda de poboación cun 7% menos, case 5.250 persoas menos.

As perdas de poboación en Galicia a partir do ano 2011, xunto á existencia dun saldo vexetativo marcadamente negativo, determinan a existencia dunha poboación cunha elevada idade media e con índices reducidos de xente nova. A 1 de xaneiro de 2015 a idade media en Galicia ascende a 46,2 anos, fronte aos 42,4 anos de media no conxunto do Estado situándose como a terceira comunidade con maior idade media superada novamente por Asturias e Castela e León. Só o 12,7% da poboación residente en Galicia nesa data ten menos de 16 anos (16% en España), unha poboación que ten un maior peso porcentual nos concellos circundantes ás grandes cidades agás en Ferrol.

A perda de poboación en Galicia concéntrase, dende o ano 2008, no grupo de idade comprendido entre 16 e 44 anos, con case 125.000 persoas menos. Así, o saldo vexetativo negativo e as saídas de poboación minguan considerablemente o grupo de poboación con maiores taxas de fecundidade o que contribúe a acentuar o problema demográfico galego. A poboación maior de 65 anos representa o 24% da poboación galega, máis de cinco puntos e medio por riba da media española, e a maior de 85 anos o 4% (en España un 2,8%).

No que respecta ao saldo migratorio, Galicia mantén a tendencia iniciada no ano 2012 ao rexistrar novamente un signo negativo. Os datos do primeiro semestre do ano 2015 reflicten que tanto as saídas cara ao resto de España como cara a terceiros países superan ao volume de entradas rexistradas: dunha banda, no caso dos fluxos de entrada na Comunidade Autónoma, estes componse de 1.061 persoas de nacionalidade española

e 3.338 de nacionalidade estranxeira. Doutra banda, das 4.582 persoas que no primeiro semestre do ano saen cara a terceiros países, 2.210 tiñan nacionalidade española.

Finalmente, consecuencia de factores como unha reducida taxa de natalidade, o incremento da idade media ou a emigración de mozos cunha idade de ter fillos, entre outros, Galicia presenta un crecemento natural cada vez máis negativo. En 2014 (último dato dispoñible) a Comunidade Autónoma presenta o segundo crecemento vexetativo negativo máis elevado de todas as comunidades autónomas tras Asturias e cun nivel semellante aos de Castela e León. En termos absolutos, Galicia presenta 11.285 defuncións máis que nacementos, sendo este saldo superior ao do ano anterior (10.706), resultado dun descenso do 0,5% no número de nacementos sensiblemente inferior ao rexistrado no caso das defuncións, co -1,7%.

A suma dos saldos vexetativo e migratorio negativos agrava o proceso de envellecemento da sociedade galega. O CES quiere poñer de manifesto a importancia de incidir en medidas de conciliación e apoio á natalidade complementadas con medidas de dinamización económica e empregabilidade que promovan o retorno da poboación máis nova co obxecto de inverter a dinámica dos devanditos saldos negativos e acadar así unha estrutura poboacional equilibrada.



2.

MERCADO DE TRABAJO E RELACIÓNS LABORAIS

Afiliacións á Seguridade Social

A afiliación á Seguridade Social medra en Galicia por segundo ano consecutivo. No ano 2015 Galicia conta con 941.192 persoas afiliadas á S.S., un 2,1% máis que no ano anterior.

A recuperación no número de persoas afiliadas á S.S. é moderada no senso de que Galicia aínda presenta 130 mil afiliados menos que no ano 2008, e que, ademais, a súa taxa de crecemento é máis lenta que o promedio nacional, onde a afiliación medrou un 3,2%.

No ano 2015, setenta e cinco de cada cen traballadores afiliados pertencía ao réxime xeral e vinte e tres de cada cen ao réxime especial de autónomos, de xeito que este réxime especial representa o 7,7% do incremento na afiliación no último ano, fronte ao 48,8% do ano 2014.

Por outra banda, o dinamismo da afiliación estendeuse ás catro provincias galegas e a

todos os sectores de actividade, agás o primario.

No ano 2015, tanto o sector servizos como a construción incrementan a súa afiliación en torno ao 2,5%, fronte aos incrementos do 3,5% e 4,8% respectivamente a nivel estatal. A industria en Galicia aumenta a súa afiliación un 1,5%, un incremento menor que o 2,2% de promedio no Estado, e, finalmente, o sector primario reduce o seu número de afiliados en Galicia un 1,6% fronte ao incremento do 0,5% rexistrado de media en España.

Emprego segundo a EPA

No ano 2015 a EPA mostra un cambio positivo no panorama xeral do emprego, cun aumento da poboación ocupada, por primeira vez dende o comezo da crise económica, así como por unha redución no total de poboación parada estimada.

O CES quere chamar a atención sobre o feito de que a evolución positiva do emprego

segue condicionada polo descenso da poboación activa así como por unha elevada precariedade, plasmada esta na crecente temporalidade na contratación, e no forte incremento dos contratos de moi curta duración.

O CES insiste na necesidade perentoria de impulsar medidas efectivas para frear o continuo descenso de poboación activa, especialmente da poboación máis nova, así como para potenciar o papel da muller no mercado laboral.

Poboación activa

A redución da poboación activa en Galicia no ano 2015 foi do 1%, fronte ao 0,1% de caída media no conxunto do Estado. Os 13.200 activos menos rexistrados en Galicia no ano 2015, non teñen un perfil determinado, afectando esta caída tanto a homes como mulleres, e tanto a persoas con nacionalidade española como estranxeira. Analizando a evolución da poboación activa dende unha perspectiva temporal máis ampla, observamos que a perda de 54.100 activos dende 2008 repercute fundamentalmente nos homes e nas mulleres de nacionalidade estranxeira, incrementándose neste período o número de mulleres activas de nacionalidade española nun 1,7%, un incremento moi inferior ao rexistrado no Estado no dito período (6,7%). Por idades o único grupo de poboación que aumenta o seu número de activos no último ano son os maiores de 55 anos, sendo salientable o descenso do 9,4% no número de activos con idades comprendidas entre 20 e 24 anos.

A evolución da poboación activa en Galicia en comparación coa media estatal non é só diferente en intensidade senón tamén no que respecta aos grupos poboacionais afectados, de xeito que en Galicia no período 2008-2015 cae a poboación activa española e estranxeira mentres que a caída no conxunto do Estado concéntrase na poboación activa con nacionalidade estranxeira fronte ao aumento da poboación activa con nacionalidade española. O descenso de poboación activa enmárcase nunha perda de poboación galega, segundo Padrón, de máis de 50.000 habitantes no período 2008-2015.

Poboación ocupada

Tal como se sinalou anteriormente, no ano 2015 prodúcese o primeiro incremento da poboación ocupada dende o comezo da crise económica. Os aproximadamente 19 mil ocupados máis, sitúan novamente a poboación ocupada en Galicia por riba do millón de persoas, en concreto 1.017.200 ocupados de media. O crecemento da poboación ocupada en Galicia, un 1,9%, ten unha menor intensidade que no conxunto do Estado (3%). En comparación co ano 2008, en Galicia segundo a EPA, estímase 184 mil ocupados menos.

O incremento de ocupación en 2015, beneficia fundamentalmente aos homes, case tres de cada catro novos ocupados son homes, o que repercute nunha taxa de ocupación masculina (47,7%) nove puntos superior á estimada para as mulleres (39%); por tanto, propíciase un novo aumento no diferencial existente entre as taxas de ocupación masculina e feminina.

No que respecta ao rango de idades, o incremento de ocupación no ano 2015 en Galicia, concéntrase nos homes de 25 a 54 anos e nas mulleres maiores de 55 anos, grupo este último que rexistra 8.300 ocupadas máis, fronte á redución das mulleres ocupadas con idades comprendidas entre 25 e 54 anos, en concreto a redución concéntrase fundamentalmente nas mulleres entre 25 e 34 anos.

A recuperación do emprego en Galicia no ano 2015 non afecta coa mesma intensidade a homes e a mulleres, xa que tres de cada

**catro novos ocupados son homes. O CES
quere destacar a perda de poboación ocu-
pada feminina menor de 55 anos, e o incre-
mento de mulleres ocupadas con máis de 55
anos. Este feito, xunto ás elevadas taxas de
temporalidade e de contratación a tempo
parcial nas mulleres, fai que sexa necesario
reflexionar sobre os efectos que está a ter a
recuperación da actividade económica no
mercado laboral feminino.**

A nivel sectorial, na mesma liña que o mos-
trado polos datos de afiliación á S.S., a ocu-
pación medra en todos os sectores, agás no
primario. En termos relativos, os incremen-
tos de ocupación nos servizos e na industria
en Galicia son menores que a media estatal,
mentres que a ocupación na construción
medra con máis forza en Galicia que no con-
xunto do Estado.

O sector primario no ano 2015 perde 2.400
ocupados en Galicia, o que contrasta co leve
aumento da ocupación no sector a nivel es-
tatal.

O sector primario é a base da actividade
económica no rural galego, así como un ins-
trumento fundamental no asentamento de
poboación. A importancia social e econó-
mica deste sector fai moi preocupante a
grave situación pola que está atravesando,
tanto no que respecta ao ámbito produtivo,
como os efectos no mercado laboral, sendo
este o único sector que perde ocupados en
2015.

**O CES considera preocupante a caída na
ocupación no sector primario galego, e soli-
cita aos poderes públicos que se acometan
as medidas necesarias para potenciar a acti-
vidade neste sector produtivo. Así mesmo, o
CES insta a aproveitar o potencial que ten o
rural como referente de emprego e de xera-
ción de actividade.**

A construción, por primeira vez dende o ano

2008, aumenta o seu número de ocupados,
con 6.500 persoas ocupadas máis, o que re-
presenta un repunte do 9,5%, superior ao
aumento medio estatal que foi do 8,1%.
O 15,7% da poboación ocupada en Galicia
está empregada no sector industrial, que in-
crementa o seu número de ocupados no ano
2015 en 5.600 persoas, máis o sector indus-
trial dende o ano 2008 perde en Galicia
55.500 empregos.

Finalmente, o sector servizos emprega a
sete de cada dez ocupados galegos no ano
2015. Este sector aumenta a súa ocupación
un 1,4% no último ano, incremento menor
ao rexistrado de media no estado (2,6%).
Dentro do sector servizos o maior incre-
mento de ocupación prodúcese nas activi-
dades de "Administración Pública e defensa,
Seguridade Social obrigatoria; educación;
actividades sanitarias e de servizos sociais."
con 7.300 ocupados máis que no ano ante-
rior.

No que respecta á situación profesional dos
ocupados, no ano 2015 o 21,3% dos traba-
lladores galegos son empresarios sen asa-
lariados. Galicia ten unha porcentaxe de
empresarios sen asalariados das máis ele-
vadas do Estado, e moi superior á media es-
pañola que no dito ano 2015 foi do 17,3%.
Esta elevada porcentaxe relativa mantense
a pesar da caída do 2,6% no total de em-
presarios sen asalariados en relación aos re-
xistrados no ano 2014. No ano 2015
rexístranse 3.800 empresarios sen asalaria-
dos menos, dos que 2.700 son mulleres.

Por contra, fronte á sinalada caída no nú-
mero de empresarios sen asalariados, o nú-
mero de asalariados medra un 2,7% no
último ano, un aumento consecuencia do in-
cremento no número de asalariados no sec-
tor privado (22.400 máis) que compensa a
redución de asalariados no sector público
(1.800 menos).

Todos os grupos de ocupados por nivel de

formación aumentan o seu número, agás os de estudos primarios, sendo especialmente significativo o aumento do 4,3% no número de ocupados con estudos superiores, en termos absolutos estímase 17.300 ocupados máis con estudos superiores dos 19.200 ocupados totais máis en Galicia no ano 2015.

O incremento de ocupación afecta, case en exclusiva, á poboación con nacionalidade española, sendo notable a redución do número de persoas ocupadas con nacionalidade non pertencente á UE.

No ano 2015, Galicia é a novena Comunidade Autónoma cun maior aumento relativo da ocupación e a oitava en termos absolutos.

Características e dinámica do mercado de traballo

No ano 2015 acadouse un máximo na serie histórica de contratación. En Galicia asináronse 877.834 contratos no ano 2015, dos que 853.667 corresponden a contratos iniciais de traballo e 24.167 a contratos convertidos en indefinidos. Seguindo a tendencia de anos anteriores o número de contratos iniciais asinados representan un crecemento do 11,7% en relación ao ano anterior, incremento que favorece tanto aos contratos de duración indefinida (2,4% máis) como temporal (12,2% máis), sen distinción de sexo.

Dos 91.641 contratos máis asinados en Galicia no ano 2015, só 960 foron indefinidos, 88.591 temporais e 2.090 contratos convertidos en indefinidos.

O incremento dos contratos indefinidos en Galicia foi dun 2,4%, notablemente inferior ao 10,1% de incremento medio da contratación indefinida no conxunto do Estado. A gran maioría dos novos contratos indefinidos son a xornada completa (en torno ao

80%), sendo destacable a diferenza existente entre sexos, xa que en torno ao 60% dos novos contratos a xornada completa son asinados por homes, mentres que case o 70% dos novos contratos a xornada parcial foron asinados por mulleres.

O 93% dos novos contratos asinados en Galicia en 2015 foron contratos de duración temporal, un 12,2% máis que no ano anterior, o que indica que se asinaron en torno a 88 mil contratos temporais máis que no ano anterior.

O índice de rotación no emprego (número de contratos iniciais asinados entre o número de persoas asalariadas temporais) foi no ano 2015 de 4,3 contratos por asalariado temporal, semellante ao índice rexistrado no ano 2014.

Os contratos que máis se incrementaron no último ano, son os contratos eventuais segundo circunstancias da produción e os contratos de obra e servizo, con 47.000 e 27.000 contratos máis respectivamente. O elevado peso destes contratos determina que máis do 30% dos contratos en Galicia teñan unha duración indeterminada. Segundo os datos proporcionados polo Instituto Galego de Estatística, entre os contratos temporais de duración concreta, só o 5% ten unha duración superior a 6 meses, fronte a case o 50% que ten unha duración de menos dunha semana.

O elevado peso na contratación do sector servizos favorece a utilización dos contratos eventuais, de xeito que o 96,6% do total de contratos eventuais por circunstancias da produción asinados en Galicia no ano 2015 foron no sector servizos, acadando a contratación indefinida neste sector o 4,5%, por debaixo da media galega.

Os datos xerais de ocupación por tipo de xornada, agochan unha forte diferenza entre sexos. No ano 2015 en Galicia, 23 de cada



100 mulleres ocupadas tiñan un contrato a tempo parcial, fronte a menos de sete homes de cada 100. O número de mulleres ocupadas a tempo parcial medra un 3,5% en 2015, fronte ao descenso do 0,1% dos homes con esta xornada. Por tanto, tres de cada catro persoas ocupadas a tempo parcial son mulleres, das que case o 70% teñen menos de 34 anos.

No ano 2015 continúa o incremento na taxa de temporalidade, de forma que 25,4 de cada 100 asalariados son temporais, tres décimas máis que no conxunto do Estado, incrementándose tamén neste último ano a brecha entre taxa de temporalidade feminina e masculina, pasando dunha diferenza de medio punto porcentual no ano 2014 a 2,7 puntos no ano 2015.

O distanciamento das taxas de temporalidade entre sexos é consecuencia do descenso da contratación indefinida feminina fronte ao aumento da masculina, así como do maior incremento da contratación temporal feminina que da masculina. Todo isto nun contexto xeral de incremento da contratación masculina dúas veces superior ao rexistrado na feminina.

Poboación parada

No ano 2015 parece afianzarse a tendencia iniciada no 2014 e continúan os descensos no número de persoas desempregadas e na taxa de paro.

A poboación parada estimada pola EPA en Galicia no ano 2015 é de 243.400 persoas, trinta e dúas mil persoas paradas menos que no ano 2014, un 11,7% de descenso interanual, case dous puntos máis que o descenso medio no Estado (-9,9%).

O descenso do paro estimado favorece a ambos sexos, sendo a poboación parada masculina un 14,7% menor á rexistrada no ano anterior, mentres que a feminina cae un

8,5%. En termos absolutos, das 32.000 persoas desempregadas menos, 21.000 son homes e 11.000 mulleres.

O paro estimado redúcese en todos os grupos de idade destacando o descenso de máis de dez mil persoas desempregadas de 25 a 34 anos, sendo tamén o único grupo de idade que no ano 2015 perde ocupados, agás unha leve perda no grupo entre 20 e 24 anos.

A perda de emprego e o menor número de persoas desempregadas de 25 a 34 anos, explícase pola redución de máis de 16 mil activos nesta franxa de idade, relacionada tamén coa perda de poboación residente, rexistrándose 16.700 persoas menos residentes en Galicia con idades comprendidas entre 25 e 34 anos.

No ano 2015 en Galicia estímase existen 130 mil persoas desempregadas máis que no ano 2008, das que 54 mil teñen máis de 45 anos.

Tal como se sinala anteriormente, a taxa de paro en Galicia situouse no 19,3% en 2015, case 3 puntos porcentuais por debaixo da taxa media no Estado, e 2,4 puntos menos que a taxa estimada no 2014. Este notable descenso non evita que o desemprego se manteña en niveis persistentemente elevados.

O grave problema do paro xuvenil mantense a pesar da redución nos dous últimos anos das taxas de paro de menores de 25 anos; a este respecto salienta que 44 de cada 100 persoas activas menores de 25 anos en Galicia, desexarían traballar e non atopan emprego; e, por outra banda, destacar tamén que existe unha relación inversa entre a taxa de paro e o nivel de formación.

As dificultades de empregabilidade das persoas con idades máis elevadas, o feito de que o 43% do total de parados estimados

pola EPA en Galicia leven máis de dous anos na procura de emprego, así como a elevada taxa de desemprego xuvenil, determinan a necesidade de aplicar medidas específicas para distintos grupos con distintas necesidades e problemáticas.

No que respecta ao paro rexistrado nas oficinas de emprego de Galicia, en 2015 desce un 9,2%, unha caída máis acusada que a experimentada de media no Estado (7,5% menos).

No ano 2015, igual que acontece no conxunto do Estado, en Galicia acelérase o descenso no paro rexistrado, baixando nas catro provincias, sendo Pontevedra a que máis reduce as cifras de parados rexistrados en termos absolutos, e Lugo onde máis cae o paro rexistrado en termos relativos.

A nivel sectorial, o paro rexistrado baixa en todos os sectores produtivos, destacando o descenso do 18,8% na construción, do 16% na industria, do 5,8% nos servizos, e, por último, os parados rexistrados no sector primario redúcense un 4,4%.

O 63% do total de persoas paradas rexistradas en Galicia pertencen ao sector servizos, seguindo en importancia pola industria, co 12,7% do total.

Poboación inactiva

En Galicia no ano 2015, estímase que existen máis de un millón de persoas inactivas, das que case a metade son persoas cunha pensión de xubilación ou prexubilación.

No último ano a poboación inactiva aumenta un 0,3% como consecuencia do maior número de estudantes e de perceptores de pensións distintas ás de xubilación/prexubilación, que compensa a caída no número de persoas xubiladas, dedicadas ás labores do fogar ou incapacitadas permanentes.

Relacións laborais

A 31 de decembro de 2015 rexistráronse en Galicia 916 convenios, vinte máis que no ano anterior. O dito aumento é consecuencia do maior número de convenios de empresa, manténdose inalterado o número de convenios de sector.

No ano 2015 asináronse 97 convenios que afectan a máis de 43 mil persoas traballadoras. Asemade revisáronse 20 convenios que afectan a 60 mil traballadores. Finalmente negociáronse por primeira vez 21 convenios, todos eles de empresa, que afectan a 631 persoas traballadoras.

O incremento salarial medio pactado nos 117 convenios asinados ou revisados en 2015, foi do 0,82%, superior ao IPC galego (-0,2%) e ao estatal (0%).

A xornada media pactada en Galicia desce ata as 1.750,9 horas/ano, o que sitúa a nosa Comunidade como a segunda, só por detrás da Comunidade de Madrid, con maior número de horas pactadas por traballador no ano 2015.

En relación aos expedientes de regulación de emprego, en 2015 redúcense un 38%, baixando tamén nun 48% o número de persoas afectadas por eles, pasando de 13 mil no ano 2014, a menos de sete mil en 2015. O 68% do total de afectados, sufriron un expediente de suspensión do emprego, e en torno a mil traballadores en ambos casos, foron afectados por despidos colectivos e reducións de xornada.

Seguridade e saúde no traballo

O aumento da actividade económica incide directamente na maior sinistralidade laboral rexistrada no ano 2015, de xeito que o número total de accidentes de traballo con baixa en xornada laboral en Galicia medrou un 9,2%.



O dito incremento rexístrase tanto no caso de accidentes leves e mortais, descendendo o número de accidentes graves.

A distribución do número de accidentes e a súa gravidade por sectores non é homoxénea, O sector servizos é o que rexistra un maior número, case o 50% do total, seguido da industria (29%) e a construción (13%).

A recuperación da actividade económica debe vir acompañada dun maior esforzo no ámbito da seguridade e saúde no traballo. Neste senso, o CES recomenda aos poderes públicos o desenvolvemento dunha política efectiva de prevención, formación e concienciación dos riscos, así como de vixilancia e control do cumprimento da normativa sobre prevención de riscos laborais.

O índice de incidencia da sinistralidade laboral ascendeu ata os 3.120 accidentes por cada cen mil traballadores afiliados, situándose Galicia como a sétima comunidade con menor índice.

No que respecta aos índices de incidencia dos accidentes de traballo, no ano 2015 Galicia é a Comunidade cun maior índice de incidencia de accidentes mortais, con 7,4 accidentes por cada cen mil traballadores, moi por encima do índice medio estatal (3,6).

Novamente en 2015, aumenta o número de procesos iniciados de baixas por continxencias comúns e profesionais. No que respecta ás baixas laborais por continxencias comúns, a duración media aumenta ata os 61,6 días, 24 días máis que a media estatal. Nas baixas por continxencias profesionais, a duración media dos procesos tamén aumenta ata os 48,1 días, sendo Galicia a Comunidade cunha duración media máis elevada, 12 días superior á media do Estado.

Políticas de Promoción e de Formación para o emprego

Un dos pilares fundamentais das políticas de formación para o emprego, é sen dúbida a formación profesional.

No ano 2015 dentro do ámbito da formación profesional para o emprego, convocáronse 940 cursos cunha capacidade de 22 mil alumnos e un orzamento de 28,5 millóns de euros.

Dentro da sinalada formación dirixida ás persoas desempregadas, programáronse 476 accións formativas cun orzamento de 22 millóns de euros, ás que asistiron máis de sete mil alumnos.

A aprobación da Lei 30/2015, de 9 de setembro, pola que se regula o Sistema de Formación Profesional para o Emprego no ámbito laboral, ten plantexado unha reforma integral do sistema coa posta en marcha dun novo modelo de formación que introduce modificacións substanciais que non contaron co respaldo dos interlocutores sociais. O CES advirte das dificultades existentes para a posta en práctica do sistema.

Dento do marco das **políticas de promoción do emprego** inclúense actuacións de fomento do emprego e da estabilidade laboral, de fomento do emprego autónomo e de integración laboral das persoas con discapacidade e/ou risco de exclusión social. En 2015 rexistráronse 6.861 beneficiarios, dos que 2.710 corresponden ás actuacións de integración laboral, 3.600 aos programas de promoción do emprego autónomo e 551 ás accións de fomento do emprego e da estabilidade laboral.

O CES considera que a redución da incidencia do desemprego debería ser unha prioridade para os responsables do deseño das políticas activas de emprego. Neste senso se

debería fomentar a implantación de medidas de empregabilidade adaptadas e personalizadas ás distintas problemáticas existentes.

3.

DINAMISMO DO TECIDO PRODUTIVO

Demografía empresarial

A análise da demografía empresarial galega, no presente traballo, lévase a cabo a través do estudo dos datos proporcionados por tres fontes diferentes, que conxuntamente posibilitan ter unha visión máis completa e diversa do tecido empresarial galego.

As fontes utilizadas son, en primeiro lugar, os datos proporcionados pola Seguridade Social (S.S.), en concreto os datos de empresas con traballadores inscritas na S.S., obtidos agrupando contas de cotización co mesmo número de identificación fiscal; así como os datos de traballadores autónomos inscritos.

Outra das fontes utilizadas son os datos do Rexistro Mercantil, en concreto o número de sociedades creadas e inscritas no Rexistro Mercantil, entendendo por tales, as sociedades creadas no ano de referencia, independentemente da data na que comezaron a realizar as súas operacións comerciais.

Finalmente, apórtanse tamén datos do Directorio Central de Empresas (Dirce), directorio que se nutre, a súa vez, de moi diferentes fontes, tributarias, xurídicas ou da S.S, entre outras. A explotación do Dirce lévase a cabo baixo dúas unidades distintas, a empresa e a unidade local; entendendo por empresa a unidade organizativa de produción de bens e servizos, que exerce unha ou máis actividades e un ou varios lugares. A unidade local corresponde a unha empresa ou parte desta, situada nunha localización xeográfica concreta, e dende o que se exercen actividades económicas por conta da mesma empresa.

A evolución do tecido empresarial galego presenta unha tendencia dispar, segundo se desprende das citadas fontes consultadas. Así, segundo os datos do Rexistro Mercantil, un ano máis se produce un descenso simultáneo tanto do número de sociedades mercantís creadas en Galicia como do número de sociedades disoltas e de sociedades concursadas. Cómpre mencionar que o resultado negativo do número de sociedades

mercantís creadas queda matizado dado o incremento nun 55% do capital subscrito polas novas sociedades creadas. Polo que respecta as estatísticas da Seguridade Social, os seus datos reflicten un incremento no número de empresas con traballadores inscritas na Seguridade Social en Galicia.

O CES quere por de manifesto o diferente comportamento dos indicadores de análise da demografía empresarial en Galicia en relación a España. Neste contexto é necesario perseverar na creación dun ecosistema favorable para a creación e, sobre todo, a consolidación das iniciativas empresariais viables xeradoras de emprego e riqueza.

No que respecta ás empresas inscritas na S.S., tras os descensos do número de empresas dende o comezo da crise económica, en 2015 consolídase o cambio de tendencia iniciado no ano anterior. Neste senso, Galicia conta con 81.054 empresas con traballadores inscritas na S.S, un 0,9% máis que no ano anterior, o que representa o 6,3% do total estatal. Por contra, o número de traballadores autónomos, rexistra unha caída do 0,6% (fronte ao aumento do 0,7% de media no Estado), situándose en 143.289 persoas, o 7,3% do total estatal.

A evolución do número de empresas con traballadores inscritas na Seguridade Social foi desigual a nivel sectorial. Dunha banda, o seu número aumenta tan só no sector servizos e nas actividades primarias (1,3% e 2,2%, respectivamente), mentres que os sectores da construción e da industria rexistran na Comunidade Autónoma unha redución do 1,3% e 0,4% respectivamente.

Os traballadores integrados no réxime especial de traballadores autónomos da Seguridade Social constitúen un elemento fundamental do tecido empresarial, tanto en Galicia como no conxunto de España. A 31 de decembro de 2015 había en Galicia un

total de 226.600 afiliados por conta propia na Seguridade Social, dos que 143.289 persoas son "autónomos propiamente ditos", é dicir, non están integrados en sociedades mercantís, cooperativas ou outras entidades societarias, tampouco son colaboradores familiares nin están rexistrados como parte dalgún colectivo especial de traballadores. A diferenza do acontecido no ano anterior, Galicia presenta en 2015 un descenso do 0,6%, o que contrasta co incremento do 0,7% rexistrado no conxunto de España.

O perfil maioritario destes empresarios autónomos en Galicia segue sendo o dunha persoa que traballa no sector servizos, sen asalariados ao seu cargo, cunha soa actividade, varón, cunha idade comprendida entre 40 e 54 anos, de nacionalidade española, con cinco ou máis anos no seu negocio, e que cotiza pola base mínima de cotización.

No que se refire ao dinamismo empresarial, o número de sociedades mercantís inscritas no Rexistro Mercantil volve a descender no último ano ata as 3.964 empresas, o que supón unha caída do 7,1% respecto ao ano anterior. Por contra, no conxunto do Estado o número de sociedades constituídas medra un 0,5%.

O CES insiste na necesidade de políticas orientadas a promover un tecido empresarial xerador de alto valor engadido e de emprego de calidade, condicións necesarias para unha distribución máis equilibrada da riqueza, o crecemento económico e o sostemento do estado de benestar. Así mesmo, compre adoptar medidas de fomento do emprendimento, tanto no ámbito educativo como na sociedade en xeral.

Se se considera a relación entre o número de sociedades constituídas por cada 10.000 habitantes como indicador da taxa de creación de empresas, Galicia creou no último

ano 14,5 sociedades por cada dez mil habitantes fronte ás 20,3 no conxunto do Estado.

A pesar de que en 2015 o número de empresas que se disolveron en Galicia descendeu por segundo ano consecutivo dende que comezou a crise económica, en termos relativos, o número de sociedades mercantís disoltas en Galicia por cada cen constituídas (índice de rotación), aumenta no último ano para situarse nas 38,1 empresas disoltas por cada cen sociedades constituídas, fronte ao descenso ata as 21,9 empresas disoltas por cada cen constituídas de media no Estado.

O CES considera necesario facilitar mecanismos destinados a axudar a empresas que sendo competitivas se atopan nun proceso de crise por falta de financiamento ou liquidez.

E relación ao número de empresas en concurso de acredores, no último ano confirmase a ruptura da tendencia crecente iniciada en 2014. O número total de empresas concursadas descendeu en Galicia ata as 298, un terzo menos que no ano anterior, situándose esta porcentaxe no 25% no conxunto do Estado.

Estrutura produtiva

A economía galega rexistra no ano 2015 unha taxa de variación interanual positiva do PIB a prezos de mercado, corrixidos de efectos estacionais, do 2,1%. Todos os sectores produtivos contribuíron en positivo ao crecemento da economía galega, comportándose a industria manufacturera como o sector máis dinámico cunha medra do 4,6%, por diante da construción, que retoma as taxas positivas de crecemento, cun 3,7%. O valor engadido bruto (VEB) xerado polo sector servizos crece un 2,0% e o das ramas primarias, un 1,4%.

A taxa de crecemento da economía galega é inferior ao rexistrado de media en España, cunha medra do 3,2% no seu PIB, o que repercute nun descenso do peso relativo da economía galega ata o 5,18%.

Sector primario e industrias relacionadas

O sector primario é un pilar fundamental do desenvolvemento de Galicia tendo en conta, non só a súa relevancia dende un punto de vista económico, senon tamén o potencial do rural na xeración de actividade e emprego, así como a súa importancia dende un punto de vista social e medioambiental.

O VEB a prezos básicos xerado en Galicia polas actividades do sector primario (sen considerar as actividades industriais) medrou un 1,4% en relación ao ano anterior, ralentizándose en nove décimas o seu crecemento en relación á evolución do sector no ano 2014.

En termos absolutos, o valor engadido bruto en termos correntes xerado polo sector (sen considerar as actividades industriais relacionadas) descendeu ata os 2.559,9 millóns de euros, un 3,4% inferior ao contabilizado no ano precedente. Tendo en conta que o sector experimenta unha medra no conxunto do estado, o peso relativo do VEB xerado polo sector en Galicia no total do Estado redúcese dende o 11,1% de 2014 ata o 10,4% no último ano. Tras a devandita caída, a achega do sector primario ao valor engadido total da economía galega redúcese ata o 4,60%, tres décimas menos que no ano anterior. Esta porcentaxe duplica ao peso medio do sector na economía estatal, que no ano 2015 se sitúa no 2,28%.

Dende o punto de vista do emprego, o sector continúa co seu forte proceso de axuste. Tras un descenso de 7.600 persoas en relación ao ano anterior, as ramas de actividade primaria e a industria de alimentación acollía no ano 2015 un total de 97.200 persoas

ocupadas. O descenso máis acusado, tanto en termos absolutos como relativos, prodúcese na industria de alimentación, onde se estima que a ocupación descende en 5.200 persoas (13,4%) para situarse nas 33.500 persoas ocupadas. No caso das actividades relacionadas coa agricultura, gandería, caza e silvicultura, tras unha redución do 7,1% (3.500 persoas), a ocupación estimada descende ata as 45.600 persoas. Por contra, a ocupación no subsector da pesca e acuicultura presenta un incremento de 1.100 persoas (6,5%) acadando os 18.700 ocupados.

En relación ao **subsector agrogandeiro**, o elemento máis destacable do sector é a supresión do sistema de cotas en abril de 2015, co que culmina a progresiva liberalización do mercado lácteo iniciada no ano 2003. Xunto a este condicionante da evolución futura do subsector lácteo cómpre resaltar as mobilizacións realizadas a finais do ano debido á evolución dos prezos do leite e á falta de garantía de recollida da súa produción.

Ante a situación de inquietude e dúbida á que se enfronta o sector agrogandeiro galego, o CES alerta da necesidade de implementar políticas específicas para acadar unha maior competitividade no sector.

Dende o punto de vista produtivo, unha das características salientables deste subsector é a súa especialización gandeira, observándose como máis do 60% da superficie cultivada en Galicia se destina a cultivo forraxeiro; xunto á devandita especialización cómpre resaltar o minifundismo, que condiciona de xeito fundamental a viabilidade e rendibilidade das explotacións, o forte proceso de axuste do sector, o esforzo de modernización e capitalización das explotacións e a forte caída do prezo do leite percibido polos produtores.

A produción de leite de vaca volve a incre-

mentarse en Galicia na campaña 2014/2015, acadando o 38,3% da produción total de leite do Estado español, e situándose Galicia, entre as dez primeiras rexións lácteas da UE. O prezo medio por litro de leite percibido polo produtor en Galicia redúcese de xeito moi significativo no ano 2015, aumentando o diferencial con respecto á media española. Neste senso, no último ano o seu prezo situouse en 28,8 céntimos de euro, fronte ao prezo medio do leite en España que descende ata os 31 céntimos por litro, polo que o diferencial coa media española ascendeu a 2,2 céntimos, o máis elevado dos últimos cinco anos.

O CES considera que no ano 2015 as explotacións lácteas galegas sufriron unha das peores crises de prezos dos últimos anos. Por primeira vez, os gandeiros e gandeiras tiveron dificultades para que as industrias lles mercaran toda ou parte da súa produción.

Para o CES resulta fundamental que o sector lácteo galego recupere a estabilidade a través dun reparto moito máis equitativo da súa cadea de valor que remunere equitativamente cada un dos seus elementos, permitindo desenvolver a actividade dun xeito sostible e así garantir o futuro dun sector lácteo que en moitas comarcas do rural galego apenas conta con alternativas.

No que respecta ao **subsector mar-industria**, en Galicia o número total de embarcacións inscritas no Rexistro de Buques a 31 de decembro de 2015 descende ata os 5.729 buques, do que 4.438 son buques pesqueiros e marisqueiros. A actividade pesqueira e marisqueira das distintas lonxas galegas presenta no ano 2015 un aumento do 5,8% na súa facturación a pesar do descenso da súa produción nun 3,7% en relación ao ano anterior. Tras esta evolución, o volume de produción acada os 180,3 miles de toneladas, ascendendo o seu valor ata os 457,4 millóns de euros.

O valor da produción acuícola aumentou un 17,8%, para situarse en 2014 (último dato dispoñible) nos 201,8 millóns de euros. O subsector acuícola en Galicia presenta un bo comportamento ao experimentar tanto un incremento do emprego como do valor da súa facturación. No que á ocupación se refire, o sector acolle un total de 15.901 empregos, o que representa, case o 80% do emprego do sector a nivel estatal. A segunda Comunidade Autónoma en importancia en canto a emprego é Cataluña, con 1.260 persoas empregadas.

No que respecta o comercio exterior de produtos alimenticios compre salientar a importancia do comercio de peixe e marisco, que representan máis do 70% das vendas de produtos alimenticios galegos fora de España. En concreto o subsector galego de conservas de peixe e marisco representa o 72% das exportacións e o 53,6% das importacións estatais destes produtos.

As axudas da Política Agraria Común e da Política Pesqueira Común no exercicio 2015 descenden ata os 154,6 millóns de euros no caso do pago con fondos UE do Fondo Europeo Agrícola de Garantía (FEAGA), manténdose en torno a 121 millóns de euros no caso do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER). En relación ao importe total en España, estes pagos representan o 3,1% do total estatal para o FEAGA e o 8,2% no caso do FEADER. Así mesmo, Galicia acolle o 4,2% dos beneficiarios estatais de dereitos de pago único; sendo o valor medio dos dereitos de pago único por beneficiario en Galicia de 3.205 euros, un 38% inferior á media no Estado (5.168 euros).

En relación ao comercio exterior, o valor total das exportacións de produtos agroalimentarios experimenta no ano 2015 un incremento do 8,3%, para situarse nos 2.416,4 millóns de euros, o que supón o 6,6% do total estatal. Entre os diferentes

produtos sobresaen a importancia relativa do peixe e marisco, que representa máis do 70% das vendas galegas fóra de España, seguido polos produtos cárnicos, co 7,4%. As importacións presentan un maior dinamismo que as exportacións, en termos de valor, acadando no último ano un total de 2.773 millóns de euros (13,6% máis que no ano precedente), o que supón o 9,4% do valor total das compras españolas de produtos agroalimentarios.

Sector industrial

O sector industrial, incluída a enerxía, tras a importante contracción experimentada en 2014, presentou no último ano unha notable expansión da súa actividade rexistrando unha taxa de variación interanual positiva do 2,1%.

O valor engadido bruto xerado polas ramas industriais ascendeu no ano 2015 ata os 9.771,4 millóns de euros, o que representa o 5,8% do total estatal, o que sitúa a Galicia como a sétima Comunidade Autónoma con maior peso. A importancia do sector industrial reflíctese tamén na achega do 17,5% do PIB total a prezos de mercado da economía galega, sendo o 13,3% no caso da industria manufacturera. Estas porcentaxes son superiores ás rexistradas no conxunto do Estado onde o sector industrial (incluída a enerxía) representa o 15,5% do PIB e a industria manufacturera o 12,1%.

A revitalización posta de manifesto polo sector industrial en Galicia ao longo do ano 2015, debe ser afianzada con bases sólidas a través de actuacións destinadas a fomentar o incremento das taxas de I+D, a creación dunha base tecnolóxica que proporcione fortaleza, con especial atención ás pemes, a xeración de produtos de elevado valor engadido e a potenciación do seu efecto multiplicador sobre o resto do tecido empresarial galego. Estas actuacións debe-

rán ir encamiñadas a recuperar o peso da industria no PIB galego.

Polo seu peso relativo no total de vendas a nivel estatal destacan as actividades da madeira e cortiza e o téxtil, que representan un 19,5% e 18,5% das vendas do conxunto do Estado, respectivamente, séguenlle as actividades de material de transporte, que supoñen o 10,8% das vendas totais estatais desta agrupación.

En termos de emprego industrial, os datos de afiliacións á Seguridade Social a 31 de decembro reflicten que en 2015 ráchase a tendencia descendente rexistrada dende o comezo da crise económica. O sector industrial en Galicia tiña no último ano un total de 133.164 afiliacións, 2.039 máis que na mesma data de 2014. O devandito incremento ven explicado en gran parte pola evolución das afiliacións nas ramas de Reparación e instalación de maquinaria e equipamento e da Industria de alimentación, por contra, e ao igual que no ano anterior, as maiores reducións prodúcense no caso da fabricación de vehículos de motor e nas de confección de roupa de vestir.

O Índice de Confianza Empresarial galego sinala que as expectativas trimestrais dos empresarios seguen a ser desfavorables e máis negativas que no conxunto do Estado, se ben son mellores que as valoracións obtidas nos mesmos trimestres do ano anterior.

Os tres subsectores considerados estratéxicos na economía galega son o enerxético, a automoción e o naval.

No que se refire ao consumo de produtos petrolíferos na Comunidade Autónoma, no ano 2015 continúa a súa tendencia descendente de anos anteriores. Neste senso, e a diferenza do que aconteceu no Estado, a demanda de produtos petrolíferos experimen-

tou unha diminución do 2,8% respecto ao ano anterior (medra un 3% en España).

No eido da **industria do automóbil** galega cómpre mencionar que tras a adxudicación da fabricación do modelo K9 á planta de PSA Peugeot Citroën de Vigo en decembro de 2014, a partir do 1 de febreiro de 2015 os centros de produción de Vigo, Madrid e Mangualde (Portugal) agrúpanse no denominado Polo Industrial Península Ibérica para reforzar a súa competitividade.

Segundo os datos facilitados por Fundación Clúster da Automoción de Galicia (Ceaga), as empresas que compoñen o clúster de automoción facturaron en 2015 un total de 8.200 millóns de euros, un 7,9% máis que no ano anterior, o que representa a cifra máis elevada dende o comezo da crise. Neste último ano o 71,3% do total facturado (5.850 millóns de euros) procede da exportación (72,6% no exercicio anterior).

No que atinxe ao emprego, as 106 empresas membros do cluster contaban a 31 de decembro de 2015 cun total de 19.100 empregos directos, case mil persoas máis que no ano anterior (5,2%), o que supón en torno ao 12% do emprego industrial en Galicia.

A produción de vehículos en Galicia supón en 2015 o 14,9% da produción estatal, porcentaxe que sitúa á factoría de Vigo PSA Peugeot Citroën na segunda planta con maior produción de España tras Seat Martorell (17,5%).

No que atinxe ao **subsector naval**, cabe salientar a sentenza do Tribunal Xeral da UE de 17 de decembro de 2015 polo que se anula a decisión da Comisión Europea de 17 de xullo de 2013 na que se concluíu que o tax-lease era unha axuda incompatible co mercado interior comunitario. Ademais supón tamén a anulación da orde de recuperación do investido polas empresas neste tipo de infraestruturas.

Os estaleiros galegos pecharon o ano 2015 sumando un total de 12 novos contratos, o que supón a cifra máis alta dende o ano 2008, fronte aos 18 do País Vasco e os 13 de Asturias. Doutra banda, a carteira de pedidos dos estaleiros galegos ascende considerablemente no último ano ao acadar un total de 19 buques, dez máis que en 2014, o que representa o 29,2% do total estatal, preto xa dos 23 rexistrados no País Vasco (acolle o 35,4%), ascendendo en Asturias ata os 19.

O CES considera que é preciso demandar o desenvolvemento das accións oportunas para que o sector naval conte cun plan industrial que asegure o seu futuro, garanta a súa estabilidade, competitividade e viabilidade para que continúe como sector estratéxico no desenvolvemento económico galego.

Sector da construción

O sector da construción retoma no último ano as taxas de variación positivas perdidas en 2008. Esta rama de actividade medra de media un 3,7% en relación ao ano anterior.

Comparado co total estatal, o valor engadido xerado por esta rama de actividade mantén o seu peso relativo no 6,35% do VEB total xerado por este sector en España. Ao igual que acontece cos sectores primario e industrial, a importancia relativa deste sector no PIB galego é superior á rexistrada no conxunto do Estado (6,19% en Galicia e 5,03% de media en España, respectivamente).

A recuperación do sector ten un reflexo directo no mercado de traballo, que presenta unha medra de emprego tanto en termos de traballo equivalente a tempo completo como de ocupación estimada. Obsérvase un incremento do 2,8% do traballo equivalente a tempo completo, que se sitúa nas 70.327

persoas, e os datos da EPA estiman no último ano un crecemento do 9,7% en relación ao ano precedente (6.700 ocupados máis), acadando as 73.600 persoas. Comparado co conxunto do mercado de traballo galego, o peso relativo do emprego do sector sitúase lixeiramente por riba do 7%, tanto se se mide en termos do traballo equivalente a tempo completo como da ocupación estimada pola EPA.

O valor da licitación pública de todas as administracións volve a aumentar de xeito considerable en Galicia por segundo ano consecutivo. Tras unha medra de case o 24% en 2015 o importe das licitacións ascendeu a 1.088,9 millóns de euros, o que representa o 10,8% da licitación no conxunto do Estado (6,7% no exercicio precedente). Este incremento explícase, ao igual que no ano anterior, pola medra da licitación pública en obra civil, por contra, a licitación pública en edificación descende un 7,6%.

A licitación pública da Administración Xeral do Estado (AXE) en Galicia medrou por riba do 43% no ano 2015, ascendendo o seu valor total a 741,1 millóns de euros (223,8 millóns máis). De xeito similar compórtase a licitación pública da Administración Autonómica, que rexistra un incremento de case o 29% respecto ao ano anterior (41,5 millóns de euros máis), para situarse en 185,1 millóns. Por contra, o valor da licitación pública por parte da Administración Local descende ata os 162,8 millóns de euros, un 25,5% inferior ao licitado no ano anterior (55,6 millóns de euros menos).

Tras esta evolución, máis do 68% do valor total da licitación pública realizada en Galicia no último ano corresponde á Administración Xeral do Estado (58,9% en 2014), seguida no último ano pola Administración Autonómica, co 17% (16,3% no ano anterior) e da licitación Local, co 15% (24,8% en 2014).

No que respecta á construción de edificios e vivendas, os datos acumulados a novembro de 2015, de licencias de construción, mostran 1.184 edificios de nova planta a construír, e 1.090 vivendas, así como 1.143 licenzas municipais para rehabilitación de vivenda.

Sector servizos

O sector terciario mantén no ano 2015 as taxas positivas de crecemento do VEB, cunha medra interanual do 2%. En termos monetarios, o valor engadido bruto ascendeu a 34.801 millóns de euros, o 62,5% do PIB galego, 5,5 puntos porcentuais inferior á media estatal (68%). A devandita mellora da actividade no sector servizos reflíctese nun incremento do emprego.

As contas económicas galegas indican que o traballo equivalente a tempo completo no sector servizos, medra un 2,2% no último ano, así como tamén o fai a ocupación estimada pola EPA no sector.

Os datos de ocupación da EPA, mostran que, tras unha medra do 1,4%, no ano 2015 están ocupados no sector servicios un total de 720.400 persoas, o que representa o 70,8% do emprego en Galicia (case o 85% entre as mulleres), salientando o subsector do comercio, con máis de 145.000 persoas, o 20,2% do emprego no sector, e o das actividades sanitarias e servizos sociais, con case 86.000 persoas (11,9%).

A **actividade comercial** está claramente influenciada pola evolución da demanda en xeral e do consumo privado en particular. En 2015 a demanda interna mantense como o motor de crecemento da economía galega dende o lado da demanda, cunha achega ao crecemento agregado do PIB do 2,8 puntos. No concernente ao gasto en consumo final dos fogares galegos, este aumenta no último ano un 2,3%. Esta mellora no consumo reflíctese nunha taxa de varia-

ción interanual das vendas do comercio minorista do 4,5%.

A evolución positiva das vendas non impide que o número de establecementos de comercio ao retallo a 1 de xaneiro de 2015 descenda en Galicia ata os 37.917, o que supón unha redución de 114 establecementos en relación á mesma data do ano anterior.

Finalmente cómpre destacar que en termos de emprego, no ano 2015 confírmase a recuperación deste subsector ao rexistrarse unha medra de 1.336 afiliacións (1,3%) no caso do comercio ao retallo, agás vehículos de motor, sendo esta medra superior ás 700 afiliacións (0,6%) nas actividades de comercio por xunto e intermediarios de comercio. Tras esta evolución, a ocupación nestes subsectores ascende a 105.644 e 46.163 afiliacións, respectivamente.

O CES quere destacar a importancia de potenciar o comercio, como eixo vertebrador e dinamizador dos núcleos de poboación, así como motor de crecemento da economía galega.

O **subsector turístico** volve a presentar en 2015 un bo comportamento atendendo á evolución do número de viaxeiros e pernoitas nos establecementos hoteleiros así como no que se refire ao seu grao de ocupación. O número de viaxeiros superou no último ano a barreira dos catro millóns en tanto que o número de pernoitas ascende ata as case 7,6 millóns, de xeito que o grado de ocupación situouse no 32%. Non obstante, continúa o descenso da estadía media nestes establecementos, que no conxunto do ano foi de 1,88 días de media.

A mellora da ocupación hoteleira en Galicia, tradúcese nun incremento do 14,7% do ingreso medio diario por habitación dispoñible, que ascende ata os 20,7 euros. Esta



medra é 3,6 puntos superior á do conxunto do Estado.

O dinamismo mostrado polo sector servizos ao longo do ano 2015 é especialmente destacable no caso do subsector turístico. O CES considera que é necesario implementar actuacións de potenciación e reforzo que permitan incidir sobre os puntos débiles do sector como a estacionalidade e para facer deste subsector un dos motores de crecemento. Así mesmo, o subsector turístico pode servir de apoio a outras liñas de actuación en materia de demografía especialmente nas zonas rurais con maior despoboamento.

Dentro das actividades integradas no **subsector do transporte**, no ano 2015, Galicia rexistra un descenso do 4,3% do volume total de mercadorías transportadas por estrada, acadando as 97,6 millóns de toneladas, o que representa o 6,3% do total estatal (7,1% en 2014). O segundo medio de transporte en importancia en canto a volume de mercadorías transportadas é o marítimo, así, tras unha medra do 4,6% en relación ao ano anterior, os portos de interese xeral moveron un total de 33.502,2 miles de toneladas (o 6,7% do total estatal).

No concernente ao movemento aéreo de mercadorías, o volume transportado en 2015 no sistema aeroportuario galego aumenta nun 15,3% respecto ao ano anterior, acadando un total de 2.988,6 toneladas transportadas, o que supón tan só o 0,4% do total estatal.

En relación ao transporte de pasaxeiros en ferrocarril, tras unha medra interanual de case o 10% o número de persoas subidas nas estacións galegas supera en 2015 os catro millóns. O número de viaxeiros de media distancia convencional aumenta en Galicia un 11,4%, acadando os 3,3 millóns

de persoas, mentres que os de longa distancia o fai a un ritmo do 3,3%, situándose en 686.824 viaxeiros.

No concernente ao transporte marítimo, no ano 2015 o tráfico de pasaxeiros nos portos de interese xeral aumentou no caso dos cruceiros nun 6,5% para situarse nas 368.172 persoas, o 4,4% do total estatal. No que se refire ao número de viaxeiros de liña regular, o forte incremento rexistrado na ría de Vigo (68,7%) explica a medra de case o 58% en Galicia

No que atinxe ao transporte aéreo no conxunto do sistema aeroportuario galego cómpre resaltar que en 2015 mantense a tendencia ascendente retomada no ano anterior, experimentándose incrementos superiores ao do total dos aeroportos españois no caso do número total de pasaxeiros e do volume de mercadorías movidas.

Finalmente, no que respecta ao **sector financeiro**, no ano 2015 continúa a redución do número de oficinas bancarias, que en Galicia ascenden 1.710 oficinas de entidades de crédito, 17 menos que no ano anterior. No último ano en todas as provincias galegas se reduce o número de oficinas de entidades de crédito.

Fronte á redución no conxunto do Estado, o volume de depósitos nas entidades de crédito en Galicia no ano 2015 incrementouse nun 0,1%, acadando os 55.400,7 millóns de euros, o que supón o 5% do total estatal.

No ano 2015, continúa o descenso do valor dos créditos totais concedidos polas entidades en Galicia, que se sitúa nos 43.020,4 millóns de euros, un 4,2% inferior ao rexistrado no ano 2014. No que respecta aos destinatarios dos créditos, en Galicia caen os créditos concedidos ás Administracións públicas (6,8% menos que no ano anterior) e diminúen tamén os concedidos aos restantes sectores residentes (-4%).

O CES quiere por de manifesto a necesidade de que a adaptación do sistema financeiro ao novo marco regulatorio, xogue un papel fundamental na recuperación económica a través do fluxo de crédito a empresas e familias.

Sector exterior

Ao longo da crise económica o sector exterior atenúa a caída da demanda interna, máis o crecemento da actividade económica no último ano ven motivado pola achega do 2,8 puntos da demanda interna mentres que a demanda externa detrae sete décimas ao crecemento do PIB.

En termos absolutos, as exportacións galegas, tanto ao conxunto do Estado como a terceiros países, acadaron un valor de 30.743,7 millóns de euros e as importacións ascenderon a 31.906,2 millóns. Consecuentemente, o saldo comercial da economía galega é negativo, acadando un déficit de 1.162,5 millóns de euros, un 21,5% superior ao rexistrado no ano anterior. O sinalado saldo comercial negativo da economía galega é consecuencia das relacións comerciais co resto de Estado, xa que o saldo comercial con terceiros países é positivo.

A taxa de cobertura no ano 2015 ascendeu a 96,4%, en tanto que a taxa de apertura da economía galega (calculada como o cociente entre a suma do valor das importacións e exportacións totais de bens e servizos e o PIB galego) foi do 111,9%, dous puntos máis que no ano anterior.

O sector exterior galego caracterizouse no último ano por unha medra da actividade comercial con terceiros países, entendida esta como a suma das exportacións e importacións, así como pola súa concentración xeográfica, onde a UE acolle as dúas terceiras partes da actividade comercial galega, e a elevada concentración sectorial, dado que

os cinco primeiros capítulos exportadores e importadores representan máis do sesenta por cento do seu importe total.

A diferenza do acontecido no ano anterior, a actividade comercial en Galicia con terceiros países, medra un 5,4% no último exercicio como resultado tanto do incremento das importacións (4,9%) como das exportacións (5,7%). O volume total das compras e vendas galegas no exterior en 2015 acadou os 33.951,4 millóns de euros, 1.728,3 millóns máis que no ano anterior.

No último ano o grado de apertura da economía galega a terceiros países, entendido este como o cociente entre a suma do valor das exportacións e importacións e o PIB, situouse no 60,7%, un punto e seis décimas superior ao acadado en 2014.

Atendendo á súa distribución segundo sectores de actividade, este comportamento ven explicado fundamentalmente pola medra experimentada novamente nos sectores do automóbil (893,8 millóns), manufacturas de consumo (691 millóns) e alimentos e bens de consumo duradeiro (521,2 e 336,2 millóns de euros, respectivamente), que compensan á contracción sufrida no caso da enerxía (-558,8 millóns de euros) ou do sector de materias primas (-131,3 millóns).

Galicia incrementa o saldo positivo da súa balanza comercial ata os 3.710,4 millóns de euros, un 9,2% máis que no ano anterior (313,9 millóns de euros), motivado polo maior crecemento das exportacións. Este saldo comercial representa o 6,6% do PIB no ano 2015 fronte ao 6,2% rexistrado no ano anterior.

No ano 2015 ponse de manifesto o incremento da actividade e do número de empresas exportadoras, especialmente nos sectores de alimentación e téxtil. Porén, persisten as dificultades no acceso aos merca-

dos exteriores. Por todo isto, o CES insiste na importancia de seguir traballando en medidas de apoio e impulso á internacionalización, tanto polo seu efecto arrastre coma pola súa contribución ao crecemento do resto da economía.

O valor total das **importacións** galegas de terceiros países, no último ano medrou ata os 15.120,5 millóns de euros (707,2 millóns superior ao rexistrado en 2014), o que representa o 5,5% do valor total das importacións españolas.

O sector da automoción, tras unha medra do 24% en relación ao ano anterior, sitúase como a actividade que presenta un maior importe ao acadar os 3.884 millóns de euros, que significa o 10,8% do total estatal. A continuación sitúanse as importacións de alimentos, que experimentan unha medra de case o 14% respecto ao ano anterior, representando o 18,3% do valor total das importacións galegas (2.760,4 millóns de euros) e o 8,9% das importacións españolas. O terceiro sector en importancia é o enerxético, que volve a experimentar unha redución considerable no valor das súas compras exteriores, cunha caída próxima ao 20%.

As importacións galegas concéntranse nos países da Unión Europea, de xeito que o 59,1% do valor total das compras exteriores procede da UE-28 (8.960 millóns de euros), sendo Francia o principal subministrador de Galicia, por mor do papel da factoría do Grupo PSA Peugeot-Citroën en Vigo, con 3.744 millóns de euros, seguida de Portugal, con 1.861,8 millóns.

As **exportacións** de produtos galegos a terceiros países, despois da caída rexistrada en 2014, volve a presentar un comportamento positivo cun incremento superior ao 5%, ascendendo o importe total das exportacións ata os 18.830,9 millóns de euros, o

que representa o 7,5% das exportacións españolas, unha décima por riba do peso relativo do ano precedente.

Atendendo á desagregación sectorial, o grupo de manufacturas de consumo é o máis importante tanto en termos de valor como en relación á súa importancia relativa no conxunto do Estado. No ano 2015 as exportacións destes produtos ascenderon a case 5.200 millóns de euros, o 27,3% das vendas exteriores de Galicia, o que representa o 21,3% das exportacións españolas deste sector. Séguelle en importancia, no que en termos monetarios se refire, o sector do automóbil, cunhas vendas superiores aos 3.800 millóns de euros, o que supón a quinta parte das exportacións galegas e case o 9% das exportacións españolas do sector.

No ano 2015 aumenta a concentración das exportacións ao mercado comunitario, concentrando a zona euro o 62,3% das vendas galegas (11.735 millóns de euros), sendo Francia, o principal destino das vendas de Galicia.

Un último aspecto a considerar na análise do sector exterior galego con terceiros países é a **base exportadora**. A diferenza do acontecido no ano anterior, o número de empresas que venderon os seus produtos no exterior de España aumenta no ano 2015 ata as 6.335 empresas exportadoras, un 1,6% máis que no ano anterior (99 empresas máis). Este incremento explícase en gran medida pola evolución experimentada nos sectores de manufacturas de consumo e bens de equipamento (102 e 64 empresas máis), que contrasta coa caída no sector de materias primas (26 empresas menos).

No caso dos sectores que presentan un maior crecemento no número de empresas exportadoras, cómpre resaltar o incremento no caso da industria téxtil e confección, con 69 empresas máis, e o do subsector de

xoiaría e reloxos, con 30 empresas máis. Atendendo á súa desagregación segundo grandes sectores cómpre resaltar a importancia relativa do sector de alimentación, que no último ano mantén o seu peso no conxunto do Estado cunha cota do 7,6%. A pesca, a pesar da redución do número de empresas exportadoras, é o sector con maior peso relativo, co 29,5% do total estatal, destacando novamente o crecemento do sector das bebidas que representan o 9,1% das empresas exportadoras do sector en España.

4.

CALIDADE DE VIDA E BENESTAR SOCIAL

Saúde

A redución do gasto sanitario, fundamentalmente a partir de 2012, parece moderarse no orzamento inicial do ano 2016, onde a partida dedicada a Sanidade aumenta un 4,4% en relación ao ano anterior, acadando os 3.309 millóns de euros.

No que respecta aos indicadores de saúde, a mortalidade, natalidade, ou a prevalencia de determinadas enfermidades, entre outros, están directamente condicionados polos indicadores demográficos básicos. Neste senso, no ano 2015 en Galicia o 24% da poboación tiña 65 ou máis anos, cando a media estatal é do 18,4%. Este diferencial implica non só uns maiores índices de envellecemento e sobreenvellecemento, senón tamén un maior gasto sanitario per cápita, que aumenta exponencialmente coa idade.

O forte envellecemento da estrutura poboacional galega ten, entre outros condicionantes históricos, a elevada esperanza de vida e a baixa taxa de natalidade, ou condicio-

nantes conxunturais como é a saída de poboación en idade de ter fillos.

A taxa bruta de mortalidade galega é a terceira máis elevada do Estado, por detrás de Asturias e Castela e León, directamente condicionada polo envellecemento da poboación. Eliminando o condicionante da proporción de poboación envellecida, as taxas estandarizadas de mortalidade, mostran a Galicia nunha posición intermedia, por debaixo da taxa de mortalidade media estatal.

O CES pon de manifesto a importancia de dotar ao sistema sanitario dos recursos necesarios para garantir a calidade e sostibilidade do sistema, nunha sociedade cada vez máis envellecida e polo tanto máis dependente do sistema sanitario.

No que respecta á saúde materno-infantil, Galicia é a Comunidade Autónoma cunha menor taxa de mortalidade infantil do Estado, con 1,98 defuncións por cada mil nados fronte a taxa media estatal que é do 2,82.

Dentro dos indicadores de saúde, considérase a sinistralidade, diferenciando entre a motivada por accidentes de tráfico e por accidentes laborais. No que respecta aos accidentes de tráfico, no ano 2015, rexístrase unha diminución no número de vítimas de accidentes de tráfico, con 91 vítimas mortais, 19 menos que no ano anterior. Galicia é a quinta Comunidade Autónoma con máis vítimas mortais de tráfico.

Tal como se analiza no capítulo dedicado ao emprego na presente Memoria, no último ano en Galicia, aumenta o número de accidentes laborais con baixa nun 9,2%.

Dentro dos indicadores de funcionamento do sistema sanitario salientan os datos de centros sanitarios, tanto dende un punto de vista cuantitativo, en relación aos recursos materiais e humanos dispoñibles, como cualitativo, referidos ao volume e tempo de agarda nas listas de espera.

O número de camas instaladas nos hospitais galegos descende de xeito continuado ao longo dos últimos anos. A 31 de decembro de 2014, existían 9.638 camas instaladas, 289 menos que no ano anterior, o que representa 3,5 camas por cada 1.000 habitantes.

Especialmente relevante na análise do funcionamento do sistema sanitario, son as listas de agarda. No ano 2015 rexístrase un incremento no número de doentes na lista de agarda estrutural cirúrxica, acadando as 33.000 persoas, en torno a 1.200 doentes máis que no ano anterior. O 27% do total de doentes teñen que agardar máis de tres meses para operarse. O tempo de espera media tamén se incrementa, e pasa de 67,1 días no ano 2014, a 70,8 días en 2015.

Como indicador da eficiencia e calidade do sistema sanitario, o CES entende preocupante o incremento das listas e do tempo de agarda, e insta aos poderes públicos a im-

pulsar as medidas necesarias para garantir que se reduzan as listas de espera, que se prioricen axeitadamente os doentes e que non se excedan os tempos máximos de agarda.

Maila o sinalado incremento no tempo medio de agarda, o obxectivo establecido para as patoloxías de prioridade 1 e 2, de 30 e 60 días respectivamente, cómprese sobradamente con 18,9 días e 55,9 días en cada caso.

No último ano, o gasto sanitario en termos de orzamento inicial aumenta en Galicia un 3,3%, seis décimas máis que no conxunto do Estado.

O gasto sanitario por habitante en Galicia ascende a 1.247,06 euros, o sétimo máis elevado do Estado. Malia o incremento do gasto do último ano, dende o 2008 o gasto sanitario por habitante en Galicia reduciuse en case 75 euros, o que supón un descenso do 5,6%.

Na mesma liña, Galicia foi a única Comunidade Autónoma que no ano 2015 reduciu o gasto farmacéutico, de xeito que dende o ano 2011 o gasto farmacéutico en Galicia cae case un 19%, máis de catro puntos porcentuais superior á caída media do Estado.

Pobreza e cohesión social

O impacto da crise económica sobre os niveis e duración de desemprego, a redución de rendas e o envellecemento da poboación, especialmente relevante en Galicia, asociado a unhas pensións medias das máis reducidas do Estado, favorece un incremento nos niveis de pobreza e desigualdade social. Os ingresos medios das persoas e fogares é unha variable básica da análise da pobreza, neste senso, a diferenza do acontecido no ano anterior, os últimos datos publicados para o ano 2014, reflicten un descenso do



ingreso medio anual neto por fogar en Galicia, situándose en 25.614 euros, 478 euros por debaixo da media estatal, e un 1,5% inferior ao rexistrado no ano anterior.

Por outra banda, os ingresos por persoa baixan igualmente para situarse en Galicia nos 10.212 euros, 23 euros menos ao estimado en 2013, sendo igualmente este importe inferior á media estatal (10.419 euros).

A pesar do descenso da renda media dos fogares, a porcentaxe de fogares que afirman ter dificultades ou moitas dificultades para cubrir os gastos mensuais, diminúe en Galicia ao longo do ano 2014. Neste senso, baixa de xeito moi importante o peso relativo de fogares con moitas dificultades para chegar a fin de mes, que se sitúa no 7,1% fronte ao 20,8% do ano anterior. Na mesma liña, pero con menor intensidade, no conxunto do Estado esta porcentaxe descende ata o 13,7%, dende o 16,1% do ano anterior. Asemade, tanto en Galicia como en España descende a porcentaxe de fogares que afirman atoparse con dificultades, representando en 2014 o 19,3% dos fogares galegos e o 20% dos fogares españois. En conxunto, 26 de cada 100 fogares galegos afirman ter dificultades ou moitas dificultades para chegar a fin de mes (34 no conxunto do Estado).

Outro indicador do grao de benestar é a organización da poboación en diversas estruturas familiares e a súa relación co mercado de traballo. Así no ano 2015, contabilízanse en Galicia 32.900 vivendas que non dispoñían de ningún perceptor de ingresos, 600 máis que no ano anterior, e en 467.300 vivendas só un membro percibía algún ingreso económico, 9.200 máis que no ano anterior (salario, algún tipo de pensión ou prestacións por desemprego).

En relación á condición de inactivo ou activo dos membros das vivendas familiares, o 31,2% das vivendas familiares non contan

en 2015 con ningún membro activo (30,5% no ano 2014). Das 744.500 vivendas con aló menos un activo, no 11,1% (82.400 fogares) todos os membros activos están parados.

A pobreza, como fenómeno multidisciplinar, pode ser analizada dende distintos puntos de vista. Neste senso, e atendendo tan só ao indicador monetario de renda dos fogares, a taxa de risco de pobreza sitúase no ano 2014 en Galicia no 19,4%, case tres puntos porcentuais inferior á taxa media para o conxunto do Estado, fronte ao 15,4% do ano anterior. O descenso das rendas medidas percibidas polas persoas e fogares galegos, así como a caída na renda media por unidade de consumo, explican en parte, esta maior taxa de risco de pobreza.

Combinando o criterio monetario con outros indicadores que incorporan a situación laboral ou a escaseza de recursos materiais, elabórase o índice denominado AROPE (At Risk Of Poverty and/or Exclusion). A 31 de decembro de 2014, segundo o indicador AROPE, o 25,7% da poboación galega atopábase nunha situación de risco de pobreza ou exclusión social, sendo esta porcentaxe 2,9 puntos inferior á media estatal.

Desagregando esta taxa entre os seus compoñentes, Galicia segue amosando unha situación máis favorable en relación á media estatal. Dunha banda, o 4,2% da poboación atópase nunha situación de privación material severa, o que a sitúa como a sexta Comunidade Autónoma coa taxa máis reducida (6,4% no conxunto do Estado), e o 13,8% das persoas menores de 59 anos vive en fogares con baixa intensidade no traballo, 1,6 puntos por baixo da media estatal, situándose como a sétima Comunidade coa porcentaxe máis reducida.

Dado o preocupante número de persoas que en Galicia están nunha situación de risco de pobreza ou exclusión social, o CES considera

que os sistemas de protección e cohesión social deben adecuarse ás novas necesidades e demandas que a sociedade está reclamando.

A distribución territorial da pobreza en Galicia non é homoxénea, así a taxa de risco de pobreza ou exclusión social (seguindo o criterio da Estratexia Europa 2020) na provincia de Pontevedra é 3,4 puntos superior á media galega, situándose no 25,5%, por diante de Ourense, con 22,9%. Por contra, Lugo e A Coruña, manteñen unhas taxas inferiores á media, sendo Lugo a que presenta a menor taxa, cun 19,1% da súa poboación en situación de risco ou exclusión social (19,9% en A Coruña). No último ano obsérvanse melloras nas taxas de risco de pobreza (EU2020) nas provincias de A Coruña e Ourense, fronte aos empeoramentos acaecidos en Pontevedra e Lugo.

Asemade, dentro da provincia de Pontevedra, obsérvanse tamén claras diferenzas entre a taxa media da zona nororiental (18,4%) e a da zona sur, que acada a taxa máis elevada de toda Galicia, de xeito que case 33 de cada 100 habitantes desta área están en situación de risco de pobreza ou exclusión social.

Outras variables que determinan a situación de maior ou menor risco de pobreza da poboación son a idade, a procedencia, a tipoloxía do fogar e o feito de que existan ou non cargas familiares. En Galicia, a poboación galega entre 16 e 24 anos é a máis exposta á pobreza estando o 31,3% destas persoas en risco de pobreza, e sendo dita porcentaxe do 28,4% para as persoas de entre 50 e 64 anos. Doutra banda, o risco de pobreza é moito maior para os estranxeiros que para os nacionais, situándose no 53% para a poboación estranxeira fronte ao 21,3% para a española.

Por último, o 52% dos fogares galegos

compostos por un adulto con nenos a cargo están en situación de risco de pobreza ou exclusión social, sendo os fogares monoparentais, co 40,3%, os que presentan unha maior taxa de pobreza”

Para contribuír á erradicación da pobreza infantil, o CES recomenda un maior apoio e asistencia ás familias máis vulnerables.

No que respecta á dependencia e discapacidade, a finais de 2015, o número de solicitudes para o recoñecemento da situación de dependencia rexistradas en Galicia foi de 79.244, un 2,3% menos que no ano anterior, o que representa o 4,9% das solicitudes no conxunto do Estado. En relación á poboación empadroadada en Galicia, as solicitudes rexistradas representan o 2,9% da poboación da CCAA, fronte ao 3,45% de media no Estado.

Unha vez recibidas as solicitudes, as autoridades competentes teñen a obriga de emitir unha valoración nun prazo de seis meses. No ano 2015, a diferenza entre solicitudes e ditames é de 2.590, que se corresponde coa lista de agarda de valoración. En Galicia a 31 de decembro de 2015 teñen dereito a prestación un total de 65.495 beneficiarios, o que representa o 85,4% das solicitudes ditaminadas. Esta cifra sitúa a Galicia como a segunda Comunidade Autónoma tras Murcia, con maior porcentaxe de solicitudes favorables sobre ditaminadas (78,4% no Estado).

Os datos de 2015 mostran a existencia en Galicia de 23.132 persoas recoñecidas como grandes dependentes, un colectivo que nos últimos anos ve reducido o seu número, como consecuencia, en parte, do endurecemento das condicións para o seu recoñecemento. O número de beneficiarios con prestación de Grado II, ou dependencia grave, ascendeu a 24.474, tamén inferior ao de anos anteriores.



A incorporación ao sistema de beneficiarios de Grado I vese afectado pola aprobación do Real Decreto 20/2015, de 17 de abril, polo que se modifica o Real Decreto 1051/2013, de 27 de decembro, polo que se regulan as prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, establecidas na Lei 39/2006, de 14 de decembro. No último ano, unicamente o Grado I, afectación moderada, incrementou o número de beneficiarios con dereito a prestación, con 17.889, fronte aos 5.212 do ano anterior. Un aumento que compensa o descenso dos grados II e III.

Despois da valoración do grado de dependencia, o paso seguinte é o establecemento e a asignación, mediante resolución administrativa, do Programa Individual de Atención (PIA). No que atinxe aos PIA, o número total de beneficiarios volve a aumentar no ano 2015 para situarse a 31 de decembro en 41.823, o 5,3% dos beneficiarios totais estatais. Atendendo ao seu peso relativo na poboación total de Galicia, os beneficiarios con prestacións representan o 1,5%, por baixo da media estatal (1,7%).

No ano 2015 incrementábase o número de prestacións concedidas ás persoas valoradas como dependentes, situándose nas 45.642 prestacións, un 8,8% máis que no ano anterior, o que supón o 4,6% das prestacións en España. Deste xeito, o número total de prestacións por persoa beneficiaria é de 1,09 en Galicia, mentres que a media estatal é de 1,25 prestacións por beneficiario.

A relación entre o número de persoas cunha valoración positiva para acceder ás prestacións (65.495), e o número de persoas que recibiron unha prestación (41.823), mostra a existencia de 23.672 dependentes recoñecidos e non atendidos polo sistema. Un de cada tres beneficiarios recoñecidos en Galicia non perciben prestación. O número de beneficiarios en agarda de ser atendidos

polo sistema incrementouse no último ano case nun 60%, pasando de 14.877 en 2014 aos xa citados 23.672 en 2015.

O CES considera prioritario reducir o número de beneficiarios recoñecidos e non atendidos polo sistema de atención á dependencia, así como avanzar no cumprimento da Lei de Dependencia.

Outra das necesidades básicas das persoas en situación de dependencia é a existencia de suficientes prazas residenciais en centros específicos. Segundo os datos publicados polo Centro Superior de Investigacións Científicas (CSIC), no seu informe sobre envellecemento de setembro de 2015, Galicia conta con 294 residencias e 20.048 prazas residenciais. O 51% dos centros residenciais en Galicia teñen menos de 50 prazas, porcentaxe semellante á media estatal. En Galicia localízanse o 5,6% do total de prazas residenciais existentes en España.

Dos ditos 294 centros residenciais existentes en Galicia no 2015, o 79% son de titularidade privada, así como o 78,6% das prazas totais. Galicia con 4.289 prazas residencias con financiamento público, acolle o 4,4% do total estatal de prazas públicas.

A porcentaxe de prazas residenciais públicas sobre o total en Galicia acada o 20,6%, por debaixo da media estatal (27,1%), situándose como a cuarta Comunidade Autónoma cunha menor porcentaxe, por diante de Cantabria, Murcia e Cataluña.

A rateo de prazas residenciais públicas e privadas por cada 100 persoas de 65 anos ou máis, é de 4,19 de media en España; dita rateo en Galicia é só de 3,06 prazas, baixando ata o 2,39 en Pontevedra ou o 2,4 na Coruña. Galicia é a quinta Comunidade Autónoma cunha rateo máis baixa, por diante de Canarias (2,22), Murcia (2,24), Comunidade Valenciana (2,91) e Andalucía (2,95).

No que respecta á contratación de persoas con algún tipo de discapacidade, no ano 2015 asináronse en Galicia un total 508 contratos indefinidos para persoas con discapacidade, dos que 319 son a xornada completa. Os contratos temporais a persoas con discapacidade foron 1.160. De cada 1.000 contratos indefinidos asinados en Galicia no último ano 12,6 corresponden a persoas con discapacidade (7,9 contratos no conxunto do Estado), e de cada 10.000 contratos temporais 14,2 son de persoas con discapacidade (12,1 en España).

A tendencia demográfica en Galicia, caracterizada pola reducida fecundidade e polo forte envellecemento da poboación, reflíctese tamén na evolución da tipoloxía dos fogares, de xeito que no ano 2008 a porcentaxe de fogares unipersoais ou compostos por parellas sen fillos era do 41% do total, ascendendo esta porcentaxe ata o 44,6% no ano 2014.

Dende o ano 2008, a porcentaxe de parellas con fillos sobre o total de fogares, descende paulatinamente, dende o 35,2% no ano 2008 ata o 33% do ano 2014. De xeito contrario a porcentaxe de fogares compostos por parellas sen fillos ou fogares monoparentais acadan no ano 2014 as porcentaxes máis elevadas da serie analizada.

No que á infancia se refire, en 2015 Galicia contaba cun total de 498 escolas infantís, que ofertaban case 28.605 prazas. Tendo en conta que a poboación galega de 0 a 3 anos ascende a 81.235 persoas, a rateo praza por cada 100 nenos sitúase en 35,2. A Coruña é a provincia que rexistra a proporción máis elevada dado que os 226 centros existentes ofrecen unha rateo de 38,4 prazas. Séguelle Pontevedra, con case 34,8 prazas por cada cen nenos de 0-3 anos, e a continuación sitúanse Ourense e Lugo, con 30,6 e 28 prazas, respectivamente. O descenso da natalidade e da poboación de 0 a 3 anos, así como un aumento no número de prazas (en

torno a 600 prazas máis no ano 2015), e centros (cinco máis que no ano anterior), permite un incremento xeneralizado do rateo prazas/poboación.

Un indicador do nivel de benestar social é, sen dúbida, a incidencia dos distintos tipos de violencia, en especial, a violencia de xénero.

O número de denuncias realizadas no último ano mantense estable respecto ao ano anterior, rexistrándose un total de 5.210 denuncias, o 4% do total estatal. Atendendo á súa orixe, a meirande parte corresponde a atestados policiais con denuncia da vítima, con 3.665 denuncias (o 4,4% das rexistras en España), seguido dos partes de lesións (763) e polas presentadas directamente pola vítima, con 399 (7,6% do total do conxunto do Estado).

Ao longo do ano 2015 Galicia rexistrou oito mortes por violencia de xénero, a cifra máis alta dende o ano 2003, primeiro da serie estatística, o que representa o 13,3% do total de casos rexistrados en toda España no mesmo ano. Respecto ao anterior, o ano 2015 rexistrou dúas vítimas mortais máis que no ano precedente.

Ante o elevado número de mortes por violencia de xénero, o CES entende necesario incidir na autonomía económica, a coeducación, a resposta institucional e a implicación do conxunto da sociedade como factores clave para que as vítimas fagan efectivo o seu dereito a desenvolver as súas vidas en liberdade, dignidade e igualdade.

Cobertura social

No ano 2015 en Galicia mantense a tendencia descendente do número de beneficiarios dalgún tipo de prestación, chegando ás 916.000 persoas, 13.000 beneficiarios menos que no ano anterior. A



causa fundamental da caída de beneficiarios está na redución das prestacións por desemprego.

As dificultades financeiras polas que atravesamos o sistema da Seguridade Social no contexto de crise económica, e o proceso de envellecemento da poboación, fan necesario, en opinión do CES, que exista un compromiso dentro da renovación do Pacto de Toledo, así como no marco da concertación social, para reforzar e garantir a sustentabilidade a longo prazo do sistema público de pensións.

O número de pensións contributivas da seguridade social en Galicia increméntase un 0,6% no último ano, acadando as 750.000 pensións, o 8,1% do total estatal. O importe medio das pensións contributivas foi de 748 euros en 2015, o que supón 139 euros menos que a media estatal. Galicia é a segunda Comunidade Autónoma con menor importe medio das pensións contributivas, só por diante de Extremadura.

O 62% dos beneficiarios das pensións contributivas en Galicia, son perceptores dunha pensión de xubilación, aos que lles corresponde o importe medio máis elevado, con 847,5 euros mensuais, en torno a 170 euros menos que a media estatal, e que segue mantendo a Galicia, xunto con Extremadura, como as Comunidades Autónomas con menor importe medio das pensións contributivas por xubilación.

En canto a número de beneficiarios, dentro das pensións contributivas, están as pensións de viuvez, con 186.800 persoas beneficiarias e un importe medio de 533 euros mensuais, o máis reducido de todo o Estado.

Todas as pensións contributivas en Galicia teñen un importe medio inferior á media estatal, agás as pensións de orfandade e favor

familiar que presenta un importe fixo para todo o Estado.

Atendendo aos réximes de protección, é importante salientar a elevada porcentaxe de afiliación ao Réxime Especial de Traballadores Autónomos en Galicia, co 23% do total fronte ao 18,5% de media no Estado. Este elevado peso relativo, fai máis preocupante que, un ano máis, Galicia siga sendo a Comunidade co menor importe medio mensual dentro deste réxime. No último ano, os beneficiarios de pensións no Réxime Especial de Traballadores Autónomos caen en máis de catro mil persoas.

No que respecta ás pensións non contributivas, a diferenza do acaecido no conxunto de España, no ano 2015 en Galicia cae o número total de beneficiarios, un 2,1% en relación ao ano anterior, rexistrándose 42.000 pensións non contributivas.

Tal como acontece coas pensións contributivas, o 62% do total de beneficiarios de pensións non contributivas perciben unha pensión de xubilación, sendo o 38% restante perceptores de pensións por invalidez. O importe medio das pensións non contributivas de xubilación e invalidez é de 355 e 390,5 euros respectivamente.

O 80% do total de beneficiarios de pensións non contributivas son mulleres, das que o 60% teñen máis de 75 anos.

Tal como se sinalou anteriormente, a causa fundamental da caída nos beneficiarios dalgún tipo de prestación no último ano, radica na caída de beneficiarios de prestacións por desemprego. Neste senso en Galicia no ano 2015 redúcese un 12,7% o número de beneficiarios destas prestacións, rexistrándose 112.624 persoas beneficiarias, fronte ás 128.990 do ano anterior.

A caída de beneficiarios prodúcese tanto nas prestacións contributivas por desemprego

como nos subsidios e na renda activa de inserción. A maior intensidade no descenso das prestacións contributivas, fai que o peso relativo das mesmas no total diminúa en favor dos subsidios e da renda de inserción social.

A redución do número de desempregados estimados pola EPA no ano 2015 é menos intensa que a caída no número de beneficiarios de prestacións por desemprego, polo que, un ano máis, cae a taxa de cobertura ata o 52,6%, 2,6 puntos porcentuais máis baixa que a taxa de cobertura media no Estado.

O CES entende que se debe mellorar a eficiencia das políticas de emprego, tanto na vertente de activación como de protección, en aras de garantir un crecemento económico sostido a medio e longo prazo.

En relación á Renda mínima de inserción, a 31 de decembro de 2015, existen en Galicia 9.713 beneficiarios, 538 máis que no ano anterior, cun importe medio de 430,61 euros. Así mesmo, as Axudas de Emerxencia Social, na mesma data, foron 2.727, o que supón 87 menos que no ano anterior.

Tras anos de deterioro continuo da situación económica e social, o ano 2015 pon de manifesto un certo dinamismo económico; porén estes indicios de mellora aínda deben projectarse nas condicións de vida da poboación, en especial dos máis débiles que sofren especialmente as altas taxas de desemprego e de desigualdade social. Baixo este escenario, o CES considera que os sistemas de protección teñen que integrarse dentro das estratexias de inclusión social.

Medio ambiente e desenvolvemento sostible

O crecemento sostible é un dos obxectivos prioritarios a acadar a través da Estratexia

Europa 2020. Como indicador fundamental do cumprimento deste obxectivo, destaca o índice de emisións de CO₂ equivalente (Gases de Efecto Invernadoiro GEI). No ano 2013 en Galicia, as emisións de GEI situáronse un 3,9% por debaixo das rexistradas no ano 1990, na liña de acadar o obxectivo fixado na Estratexia, de situar no ano 2020 as emisións de GEI nun 92% respecto ás de 1990 e reducir as emisións entre 1990 e 2020 nun 20%.

A redución das emisións de GEI en Galicia no ano 2013 foi do 9,8% en relación ao ano anterior; un descenso motivado principalmente pola redución de emisións asociadas ás industrias do sector enerxético, no que as emisións se reducen un 20,7% en relación ás de 2012. A pesar da sinalada caída, en torno ás tres cuartas partes das emisións teñen a súa orixe no sector de procesamento de enerxía.

O descenso das emisións de GEI ven acompañado dun incremento do gasto das empresas galegas en protección ambiental, este gasto aumenta un 2,6% en relación ao ano anterior, o que supón 4,3 millóns de euros máis. Este incremento é consecuencia do aumento de gasto corrente, que compensa o descenso de 2,3 millóns de euros no investimento total en protección ambiental da industria galega.

A maior ameaza medioambiental en Galicia son os incendios forestais. En torno ao 60% da superficie galega ten un uso forestal, o que supón case o 10% da superficie forestal nacional; e, aproximadamente dous terzos da superficie forestal galega é arborada.

No ano 2015 destaca o incremento tanto no número de conatos (incendios de menos dunha hectárea), como no de incendios forestais. Estes incrementos foron do 113% no caso dos conatos, e do 218% nos incendios; aumentos acompañados de subidas igualmente intensas da superficie queimada,

acadando as 11,8 mil hectáreas queimadas.

En 2015 declaráronse 2.882 sinistros, dos que 740 afectaron a superficies maiores a unha hectárea. Galicia rexistrou o 24,2% dos sinistros totais do estado no ano 2015, representando a superficie queimada o 12,5% da superficie forestal total afectada polo lume a nivel estatal.

Un ano máis Ourense segue sendo a provincia onde se produce o maior número de sinistros, co 42% dos sinistros e o 61,6% do total de superficie queimada en Galicia.

Dada a relevancia socioeconómica e medioambiental da superficie forestal en Galicia, é necesario insistir na importancia das medidas de prevención e defensa contra os incendios, especialmente a través de actuacións que reduzan a posibilidade de incendios forestais, a través de limpeza de montes, concienciación da poboación e de repoboacións con especies protectoras, entre outras.

En relación aos residuos sólidos, no ano 2013 (último dato dispoñible), a recollida de residuos sólidos urbanos (RSU) descende un 2,2% para situarse nos 1,1 millóns de toneladas, o 4,9% do total estatal. En termos anuais por habitante, en Galicia recolléronse un total de 365,8 kg, o que a sitúa como a segunda Comunidade Autónoma con menor recollida de RSU, tras Madrid (350,9 kg).

O CES demanda que se intensifiquen os esforzos para o cumprimento da directiva comunitaria sobre residuos, que introduce obxectivos vinculantes para a reciclaxe e a reutilización de certos materiais en 2020.

O CES entende que se debe apoiar a construción sostible e autosuficiente, utilizando materias primas e enerxías renovables, usando técnicas que permitan reducir o consumo de enerxía e auga, así como unha mellor xestión dos recursos

Ocio e cultura

O CES quiere advertir de que os indicadores utilizados para avaliar o consumo de cultura son transversais e non recollen vías de acceso coma internet, onde se concentra gran cantidade de oferta cultural e un elevado consumo.

O orzamento dedicado á cultura, dentro da produción de bens públicos de carácter social, foi de preto de 58 millóns de euros no ano 2015, un 5,4% menos que no ano anterior. Xunto a este descenso de recursos orzamentarios, o emprego en actividades culturais cae un 3,6% en Galicia, fronte ao aumento do 0,6% de media no conxunto do Estado.

A análise do gasto público liquidado en cultura, e do consumo cultural privado, mostran datos máis precisos do volume de gasto. Os últimos datos do gasto liquidado en cultura, realizado pola Administración Autonómica no ano 2013, mostran un descenso do 30% en relación ao ano anterior, así mesmo cae nun 30% o gasto en cultura por habitante, acadando os 24,5 euros, 1,6 euros superior á media estatal.

Dende o punto de vista do gasto cultural privado, o realizado polos fogares galegos, no ano 2014, último dispoñible, este foi un 9% inferior ao realizado no ano anterior. O principal destino do gasto cultural dos fogares galegos é a compra de equipos de tratamento de información e internet, co 35% do total, seguido do consumo de servizos culturais, co 27% do total. O gasto medio por fogar en cultura foi no ano 2014, de case 510 euros, 114 euros menos que a media estatal. Galicia é a segunda Comunidade con menor gasto cultural por fogar.

O turismo cultural é outra das magnitudes transversais analizadas. Os datos para o ano

2014 mostran unha melloría en canto que aumenta en torno a un 20% tanto o número de viaxeiros culturais como o gasto total dos mesmos en Galicia.

Aumentan tanto os viaxeiros nacionais como estranxeiros que visitan a nosa Comunidade con motivo principalmente cultural, sendo o gasto medio da viaxe en torno a 887 euros, 26 máis que a media estatal.

No que respecta á análise do ámbito da cultura e ocio dende un punto de vista das magnitudes sectoriais concretas, podemos destacar a localización en Galicia de máis do 19% do total de bens mobles de interese cultural Estatais.

En relación aos datos sobre museos e coleccións museísticas, en Galicia localízanse 82 museos censados dos 1.552 existentes no conxunto do Estado, tres museos por cada cen mil habitantes (3,3 a nivel estatal). No ano 2014 só o 18,6% da poboación galega visitou unha biblioteca, porcentaxe inferior á tamén baixa porcentaxe media estatal do 22,7%.

Os principais indicadores relativos ao sector das artes escénicas e musicais, mostran unha melloría case xeneralizada, tanto no número de obras, de espazos escénicos, de salas de concertos e de compañías de teatro e danza. No que respecta ao cine, o observatorio da cultura galega, sinala a recuperación do sector no ano 2014, en relación aos datos rexistrados en 2013, os peores da última década. No ano 2014, Galicia incrementa nun 20% o número de persoas que asistiron a unha sala de cine, acadando unha recadación de máis de 21 millóns de euros. Maila esta evolución positiva, no ano 2014 pecharon na nosa Comunidade tres cines e catorce salas de proxección.

5.

RECURSOS E CAPACIDADES PARA
O DESENVOLVEMENTO**Capital humano**

A Estratexia Europa 2020 incorpora entre os seus obxectivos comúns que deben acadarse combinando medidas comunitarias e estatais, dous parámetros directamente relacionados co eido educativo: que como mínimo o 40% da poboación entre 30 e 34 anos teña educación superior e, en segundo lugar, a redución ata o 10% do abandono educativo temperá, definido como a porcentaxe da poboación entre 18 e 24 anos que non finalizou a segunda etapa da ESO e non segue ningún tipo de estudo.

O impacto socioeconómico da crise económica e, en concreto o forte incremento dos niveis de pobreza e do paro, fan máis evidente se cabe a necesidade de mellorar a calidade do capital humano, os sistemas de educación e formación e a súa capacidade para estimular a innovación, factores estes que determinan a produtividade e garanten un crecemento económico sostible. Neste senso, o crecemento económico e o benestar

social teñen de asentarse nunha educación universal e de calidade.

Dunha banda, Galicia cumpre xa co primeiro dos obxectivos indicados tendo en conta que no ano 2015 o 45,8% da poboación galega entre 30 e 34 anos tiña estudos superiores. Por contra, o abandono educativo temperá sitúase nese ano no 17%, porcentaxe inferior á media española (20%) aínda que moi lonxe da media europea (10,9%) e do obxectivo a acadar.

O CES reclama aos poderes públicos medios necesarios para o bo funcionamento de medidas de reforzo, orientación e apoio, especialmente en primaria, xa que entende que unha atención precoz das dificultades de aprendizaxe é o mellor remedio contra o fracaso escolar.

Xunto ao devandito abandono educativo temperá, outro indicador da eficacia do sistema educativo galego é a taxa de idonei-

dade da poboación entre 10 e 15 anos, que recolle a porcentaxe de alumnos que está matriculado no curso que lle corresponde pola súa idade. No curso 2013-14 (último dato dispoñible) case o 37% dos alumnos de 15 anos non están matriculados no cuarto curso da ESO que lle correspondería por idade, sendo esta porcentaxe do 28% no caso dos alumnos de 14 anos. En comparación co resto das CC.AA Galicia sitúase como a oitava Comunidade con maior taxa de idoneidade no caso da poboación de 15 anos.

O CES entende que é necesario un pacto social e político de amplo consenso que dote de estabilidade ao sistema educativo.

Dun xeito indirecto, os resultados do sistema educativo galego poden medirse a través do nivel educativo da poboación. Cómpre destacar que en Galicia a poboación entre 25 e 64 anos que só ten a segunda etapa de educación secundaria completada representa en Galicia o 20,2%, porcentaxe que se sitúa por debaixo da media española e europea (22,4% e 46,5%, respectivamente). Por contra, Galicia presenta un nivel similar ao conxunto do Estado no caso da poboación con estudos superiores (35,2%) aínda que superior á media comunitaria (30,1%).

O CES considera que dado que a perda de capital humano se traduce en perda potencial de desenvolvemento e progreso se precisa unha atención integral dirixida a fixar e recuperar poboación emigrada.

No que respecta ás ensinanzas non universitarias de réxime xeral, ao longo dos últimos anos produciuse un crecemento continuo do alumnado nos centros públicos, ao tempo que se reduce o número de profesores. Segundo as estimacións proporcionadas pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, a

pesar do descenso do número de centros públicos no curso 2015-16 (dez menos que no curso anterior), o número de alumnos ascende a 263.664 alumnos (1.430 alumnos máis) e o de profesores descende ata os 30.204 (30 menos que no curso anterior). No período 2008-2015, o número de alumnos de educación xeral non universitaria matriculados en Galicia en centros públicos incrementouse en case 16.000 alumnos, mentres que o profesorado descendeu en 1.171 persoas.

Asemade, é importante resaltar o positivo incremento rexistrado no alumnado matriculado en ensinanzas de adultos, que no último curso se sitúa en 30.348 persoas (1.385 máis que no curso anterior), rexistrándose esta medra nos distintos niveis educativos agás bacharelato.

As ensinanzas de Formación Profesional veñen experimentando un forte impulso nos últimos anos, ascendendo o número de alumnos nos ciclos formativos ordinarios a 39.137 persoas segundo os datos da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. Asemade, cómpre resaltar a evolución da demanda da Formación Dual, asinándose no ano 2015 un total de 13 convenios, de xeito que no último curso un total de 343 alumnos cursaban esta modalidade de estudos (212 no ano anterior). No último ano o número de empresas con convenios en vigor ascende a 28.

O CES quiere chamar a atención sobre a evolución da demanda dos estudos de Formación Profesional que continuamente teñen gañado peso no conxunto do sistema educativo. Neste senso, considérase imprescindible seguir apoiando esta modalidade educativa como vía idónea para a mellora da empregabilidade.

Ao finalizar o curso 2014-15 desaparecen os Programas de Cualificación Profesional Ini-



cial (PCPI), que son substituídos pola Formación Profesional Básica polo que se integran na formación básica (ESO), xa que o alumnado poderá comezar estes estudos con 15 anos. O número de matriculados nestes programas ascendeu no último curso a 1.821, o que representa o 7,4% do total estatal.

As reducidas taxas de reposición do profesorado existentes afectan en especial a Comunidades como Galicia, que presenta unha idade media do profesorado entre as máis elevadas do Estado: máis do 40% dos mestres e profesores de educación secundaria teñen máis de cincuenta anos, sendo a porcentaxe do profesorado con máis de 60 anos do 8% no caso dos mestres (4,6% de media en España) e do 7,5% no dos profesores da ESO (4,1% no conxunto do Estado).

Outro aspecto importante do sistema educativo é a integración das TIC nas aulas. No último curso mantense o número de centros participantes no proxecto ABALAR (429 públicos e 102 centros privados concertados), ascendendo o número de alumnos a 50.359 (30.240 alumnos de primeiro e segundo da ESO). Asemade, 103 centros da rede Abalar, que imparten 5º e 6º de educación primaria e/ou 1º curso da ESO, participan no proxecto de educación dixital E-DixGAL de uso de materiais curriculares en formato dixital. Deste xeito, máis de 6.000 alumnos acceden a contidos educativos dixitais a través do equipamento e infraestrutura da rede Abalar.

O CES considera necesario dotar ao sistema educativo dos investimentos e recursos necesarios para a adaptación aos continuos cambios tecnolóxicos, con especial atención á formación e reciclaxe do profesorado.

Tendo en conta a importancia que teñen as bolsas e axudas educativas como elemento básico no fomento da igualdade de oportu-

nidades, equidade e da conciliación familiar, cómpre resaltar o forte incremento experimentado tanto polo número de bolsas e axudas (18%) como dos bolseiros (28%) e o importe total das mesmas (13%). Tras esta evolución, os datos do Ministerio de Educación, Cultura y Deporte reflicten que o seu peso relativo no conxunto do Estado aumenta de xeito significativo e no curso 2013-14 (último dato dispoñible) o número de bolseiros galegos representan o 13% do total estatal, sendo esta porcentaxe do 10,2% no caso das bolsas e axudas e do 7,3% no do importe total das mesmas.

O CES considera que os programas de bolsas e axudas públicas concedidas polas diferentes administracións son esenciais para o fomento da igualdade de oportunidades, a equidade e a conciliación familiar, elementos fundamentais dunha educación universal.

No que respecta ás ensinanzas universitarias, un ano máis o sistema universitario galego rexistra unha redución no número de alumnos matriculados, que se sitúa nos 60.990 alumnos no curso 2015-16, un 2,9% menos que no curso anterior. Cómpre destacar que as taxas de ocupación (relación entre matrículas de novo ingreso por prescrición e o número de prazas ofertadas) e adecuación universitaria (relación entre matrícula de novo ingreso en primeira opción e a matrícula total de novo ingreso) en Galicia sitúanse no último ano por riba da media española, a diferenza do que acontece coa taxa de preferencia, que mide a relación entre a demanda e o número de prazas ofertadas.

O CES pide aos poderes públicos unha especial atención á elevada problemática do acoso escolar, tanto a través de charlas de concienciación como da formación á comunidade educativa para unha detección precoz e aplicación de medidas correctoras.

Innovación e tecnoloxía

A I+D ten un papel fundamental para asegurar a competitividade, o rendemento económico, a capacidade para crear emprego e facer fronte aos cambios sociais e ambientais, polo que está no centro da Estratexia Europea 2020 para un crecemento intelixente, sostible e integrador. A dita Estratexia Europa 2020 fixa o obxectivo de elevar ata o 3% do seu PIB o investimento en I+D no ano 2020.

O gasto nas actividades de I+D aumenta un 1,8% en Galicia no ano 2014, acadando os 477,3 millóns de euros, o que representa o 3,7% do gasto total estatal. Este aumento deriva fundamentalmente do sector empresarial, (12,3 millóns de euros máis), manténdose practicamente estable o gasto realizado pola Administración Pública e polas entidades de ensinanza superior.

En comparación co resto de Comunidades Autónomas, Galicia é unha das catro Comunidades cun axuste positivo en termos de gasto interno en I+D, por detrás de A Ríoxa e Murcia e por diante de Aragón.

Esta evolución tradúcese nun aumento do esforzo investidor, medido como a relación entre o gasto nestas actividades e o PIB, que se sitúa no 0,87%. Galicia, a pesar de aumentar unha décima en relación ao ano anterior, segue tendo a segunda porcentaxe máis baixa dende que comezou a crise. Esta rateo está moi por debaixo da media española e europea, así como lonxe do obxectivo recollido no Plan galego I2=C de acadar o 2% do PIB.

O investimento en investigación é a clave para o cambio social, a modernización e o desenvolvemento de Galicia.

O incremento do gasto interno en I+D no último ano en Galicia, xunto coa redución da poboación residente, fai que no ano 2014 se

incrementa o gasto interno en I+D por habitante, con 173,7 euros por habitante, case cinco euros máis que no ano anterior, o que sitúa a Galicia como a oitava Comunidade con menor gasto interno en I+D por habitante, lonxe da media estatal, que ascende a 275,6 euros por habitante. Un menor PIB per cápita se correlaciona cun menor esforzo investidor.

Ao igual que no caso do gasto en I+D por habitante, os recursos investidos en I+D por investigador aumenta no último ano, acadando os 87.214 euros, un 0,4% máis que no ano anterior. A pesar do sinalado incremento, Galicia é a sétima Comunidade Autónoma con menor investimento, lonxe da media estatal que foi de 104.886 euros.

A distribución da carga do gasto en I+D, segundo sectores de execución, mostra que en Galicia o 52% do dito gasto está realizado polo sector público (administración pública e ensino superior), fronte ao 48% do sector empresarial. Estes datos reflicten a dificultade de cumprir o obxectivo fixado pola Xunta de Galicia no seu Plan I2=C de que no ano 2015 o sector privado contribuíse co 75% do esforzo investidor. A nivel estatal o gasto executado polo sector empresas é historicamente superior ao rexistrado por parte do sector público, representando no 2014 o sector empresarial o 53% do gasto en I+D.

O CES considera fundamental un maior esforzo, tanto público como privado, no ámbito da I+D, para avanzar cara un crecemento económico intelixente, sostible e integrador, no que se incorpore plenamente o progreso tecnolóxico.

En paralelo ao incremento de recursos, Galicia rexistra en 2014 un incremento do persoal de I+D empregado en xornada de equivalencia completa, fronte ao descenso experimentado no conxunto do Estado. No ano 2014 Galicia contaba con 9.405 empre-

gados nestas actividades, un 0,2% máis que no ano anterior, contrastando co descenso do 1,5% en España. En termos relativos, Galicia conta con 7,4 persoas en equivalencia a xornada completa por cada 1.000 activos, lonxe da media española que é de 8,7 persoas por cada mil activos.

O leve aumento no persoal empregado nas actividades de I+D en Galicia, prodúcese no sector empresarial, con 169 empregados máis dos que 149 son investigadores.

No que ao persoal investigador nas empresas se refire, no ano 2014 o seu peso relativo no total galego aumenta máis de dous puntos porcentuais para situarse no 32,4%, situándose esta porcentaxe no 36,6% no conxunto do Estado.

En relación aos indicadores de alta tecnoloxía, que proporcionan información sobre empresas con actividade nos sectores considerados de alta e media alta tecnoloxía, Galicia conta no ano 2014 con 106 empresas manufactureiras de alta e media tecnoloxía, tres menos que no ano anterior, o que supón o 4,8% do total existente en España. A redución no número de empresas está asociado a un menor gasto das mesmas en I+D (300 mil euros menos que no ano anterior), así como a un leve descenso do emprego equivalente a tempo completo. A nivel estatal, reproducése a mesma dinámica, cunha redución do número de empresas manufactureiras de alta e media tecnoloxía, así cun menor gasto en I+D e de persoal nas mesmas.

No que atinxe ás empresas de servizos de alta tecnoloxía (información e comunicacións, excepto edición, e investigación e desenvolvemento), no ano 2014 rexístranse 11 empresas menos que no ano anterior, co que Galicia acolle 147 empresas o que supón o 5,8% do total estatal, sendo así a sexta Comunidade Autónoma con maior número deste tipo de empresas. O gasto en

actividades de I+D realizado polas ditadas empresas de servizos de alta tecnoloxía ascendeu no último ano ata os 77,3 millóns de euros, 11 millóns máis que no ano anterior, e os postos de traballo en equivalencia a xornada completa ascenderon ata as 1.560 persoas, 87 máis que en 2013.

O comercio exterior de produtos de alta tecnoloxía é un factor relevante á hora de medir a competitividade internacional dun territorio, o comercio exterior galego deste tipo de produtos aumenta o saldo positivo de anos anteriores, pasando de 83,9 millóns de euros de saldo no ano 2014 a 133 millóns no ano 2015. Esta evolución é consecuencia, fundamentalmente, dunha redución do 12,3% no valor das importacións, e dun incremento do 7,7% do valor das exportacións de produtos de alta tecnoloxía.

Finalmente, no que respecta á innovación, salienta que a evolución da mesma está en grande medida determinada polo gasto por parte do tecido empresarial en actividades innovadoras. Galicia conta no ano 2014 con 973 empresas con actividades innovadoras, 11 menos que no ano anterior.

No último ano a intensidade innovadora das empresas con actividades innovadoras, é dicir, a porcentaxe de gasto en actividades innovadoras sobre o volume da súa cifra de negocios, descende en Galicia ata o 2,5%, tres décimas menos que no ano anterior, o que a sitúa como a segunda Comunidade Autónoma con maior rateo, tras Castela e León (3,6%). No conxunto do Estado esta intensidade innovadora caeu lixeiramente ata o 1,8%.

No período 2011-2014, o 25,8% do total de empresas con sede social en Galicia eran empresas innovadoras (28,6% de media no Estado), o que significa que existen 1.925 empresas innovadoras. ■

